

MEMORIA ANUAL

2024-2025

Camiño Escola Andersen, 28. A Garrida (Valadares)
36315 Vigo (Pontevedra) - T: 986 469 412 - Cod: 36014209
cpr.andersen.augalonga@edu.xunta.gal
www.colexioandersen.gal

ÍNDICE

1.DATOS IDENTIFICATIVOS DA ESCOLA	4
2. ÓRGANOS DE GOBERNO	7
2.1. Órganos Unipersoais	7
2.2 Órganos Colexiados	7
2.2.1. Equipo Directivo	7
2.2.2. Claustro do profesorado. Composición	7
2.3. Consello Escolar	8
2.4. Asociación de Familias de Alumnado	9
3. ORGANIZACIÓN ESCOLAR	10
3.1. Niveis Impartidos	10
3.2. Titorías	11
3.3. Distribución do Profesorado	11
3.4. Horarios	11
4. ANÁLISE DO RENDEMENTO ESCOLAR	11
4.1. Alumnado por Cursos	11
4.2. Dificultades Atopadas e Medidas Correctoras Introducidas	11
5. ANÁLISE DOS OBXECTIVOS ESPECÍFICOS DA ESCOLA	13
5.1. Departamento de Orientación	13
5.2. Actualización do Profesorado	13
5.3. Grupos de Apoio Dentro da Aula	13
5.3.1. Grupos moi reducidos	13
5.3.2. Grupos pequenos	14
5.4. Consello Escolar	14
5.5. Plan de Convivencia Escolar	14
5.5.1. Formación do Profesorado	14

5.5.2. Formación do Alumnado	14
5.5.3. Formación das Familias	14
5.5.4 Implementación do Plan de Convivencia	15
5.6. Animación á lectura	15
6. OUTROS DATOS SOBRE O FUNCIONAMENTO DA ESCOLA	20
6.1. A Xornada en Sesión Única	20
6.2. Saídas escolares e actividades didácticas no centro	20
6.2.1. Educación Infantil	21
6.2.2. Educación Primaria	23
6.2.3. Educación Secundaria Obrigatoria	25
6.3. Participación en Concursos e Certames	30
6.4. Festas, Conmemoracións e Celebracións	30
6.5. Guía de Libros	32
6.6. Calendario de Reunións	33
6.7. Plan de Autoprotección	34
6.8. Exames Trinity	39
6.9. Novos Proxectos	39
6.9.1. Espazos Abertos	39
6.9.2. Punto Limpo	40
6.9.3. Espazo das Intelixencias Múltiples	40
6.9.4. Proxecto Digicraft	
6.9.5. Bosque Escola	41
1. Desenvolvemento Cognitivo	42
2. Desenvolvemento Emocional e Social	42
3. Desenvolvemento Físico	42
4. Desenvolvemento Creativo	42
5. Integración Curricular	43
6. Benestar e Saúde	43
7. Implementación na Aula	43

6.9.6. Biblioteca Inclusiva	43
6.9.7. Plans Proxecta	43
7. SECCIÓN PLURILINGÜE	45
8. PROGRAMA EDIXGAL	46
Anexo I: Memoria do Departamento Psicopedagógico	47
1. MEMORIA DE EQUIPO PSICOLÓXICO	47
2. MEMORIA DE PT E DE AL	61
Obxectivos Fonolóxicos	61
Obxectivos Semánticos	62
Obxectivos Morfosintácticos	62
Obxectivos Pragmáticos	62
Obxectivos Socioculturais	62
Estratexias para Acadar Estes Obxectivos	62
Obxectivos xerais da intervención	65
Ámbitos de traballo e actividades implementadas	65
Metodoloxía	66
Resultados e valoración do progreso	66
Limitacións detectadas	66
Coordinación interdisciplinar	66
Recomendacións finais	67
3. MEMORIA DE ORIENTACIÓN	67

1 . DATOS IDENTIFICATIVOS DA ESCOLA

Nome da Escola	Colexio Andersen
Enderezo	<i>Camiño da Escola Andersen 28, 36315 Vigo</i>
Teléfono	986469412
Web	www.colexioandersen.gal
E-mail	cpr.andersen.augalonga@edu.xunta.gal
Número de Alumnado	305
Número de Unidades	Educación Infantil: 3 Educación Primaria: 6 Educación Secundaria Obrigatoria: 4
Número de Profesores	26
Código do Centro	36014209
Titularidade da Escola	Colegio Andersen Augalonga S.A

2. ÓRGANOS DE GOBERNO

2.1. Órganos Unipersoais

Director	Patricia Rodríguez Pazo
Xefa de Estudos	Aldara Camba López
Secretaria	Hilda Martín Alonso

Coordinadores de Ciclo:

Educación Infantil	Candela González Cela
Educación Primaria	Bernardo Justo Álvarez
Educación Secundaria	Juan Carlos Cruz Pérez

2.2 Órganos Colexiados

2.2.1. Equipo Directivo: Formado polo Director, Xefe de estudos e Secretaria.

2.2.2. Claustro do profesorado. Composición

Bares Ouviaña, María del Pilar

Blanco Salgueiro, María Asunción

Camba López, Aldara

Camba López, María

Carrasco Pérez, Beatriz

Castañal Espinosa, Xulio

Cruz Pérez, Juan Carlos

Docampo Blanco, Emilia

Fernández Barcia, Calima*

Gómez Alonso, Carolina

González Cela, Candela

Justo Álvarez, Bernardo

López Paz, Laura

Martín Alonso, Hilda

Martín Alonso, M^a del Mar*

Méndez Güenaga, José

Novoa González, Alba
Núñez Fernández, Mercedes
Pedreira San Jurgo, María Belén
Pereira Zunzunegui, María Carmen
Pérez Morán, Sara
Rial Bares, María*
Rodríguez Nuño, María Sol*
Rodríguez Pazo, Patricia*
Vilariño Cutrín, Elena María

Baixas e Substitucións

Yanira Pereira Ruibal (Calima Fernández Barcia)
María Tellería Seoane (Martín Alonso, Mar)
Faria Estévez, Juan e Camba López, María (Rodríguez Pazo, Patricia)
García Riobó, Rubén (Rial Bares, María)
Araujo Núñez, Diana (Rodríguez Nuño, María Sol)

2.3. Consello Escolar

Consello Escolar está composto polos seguintes membros:

Presidenta: Patricia Rodríguez Pazo.

Representantes da Titularidade: Carolina Gómez Alonso, Daniel Collazo Domínguez e Bernardo Justo Álvarez .

Representantes Familias de Alumnado: Miguel Correa Álvarez, María Dolores Caride Gómez, Ana María Rial e María del Pilar Estévez Silva (AFA).

Representantes do Profesorado: María Sol Rodríguez Nuño, María del Carmen Pereira Zunzunegui, José Méndez Güenaga, Hilda Martín e Patricia Rodríguez.

Representantes do Alumnado: Adriana Conde Comesaña.

Representante do persoal non docente: Patricia Fernández.

Representante do Concello de Vigo: (sen representante).

2.4. Asociación de Familias de Alumnado

Xunta directiva: Patricia Gestoso Abraín (Presidenta), Severino Baloira Neira (Tesoreiro), Marta Zoraida Rodríguez Ferreiro (Vogal), Ana María Rial (Vogal), Lorena López Gómez (Vogal), Elia Mallo Vila (Vogal), Ana Gestoso Abraín (Vogal).

Como nos anteriores cursos, a AFA encargouse de organizar as actividades extraescolares xunto co colexio (Multideporte, baloncesto, danza, pintura creativa, música, inglés lúdico e piscina), así como varios obradoiros para alumnado e familias e profesorado sobre xogos de mesa e o punto de gravidade.

Coincidindo coa celebración do Nadal, a AFA (Asociación de Familias do Alumnado) organizou unha reunión coa comunidade educativa coa finalidade de fortalecer os lazos entre as familias e o centro. Durante o encontro, convidouse a todas as persoas asistentes a compartir unha merenda, creando un ambiente distendido e festivo, propio destas datas tan especiais.

Como parte da celebración, a AFA fixo un agasallo ao colexio consistente nunha selección de xogos para o disfrute do alumnado durante os momentos de lecer. Ademais, sorteáronse xogos entre as familias participantes, fomentando a implicación e a ilusión propias do Nadal.

A actividade foi moi ben acollida e contribuíu a reforzar a colaboración entre as familias e o centro educativo, nun clima de alegría, participación e espírito navideño.

Organización de xornadas para a mellora do patio e a convivencia da comunidade educativa.
Festa fin de curso: celebrouse no colexio en horario de tarde e coa presenza das familias. O alumnado de cada curso preparou unhas funcións que mostraron ás familias. O alumnado de 3º ESO estivo a cargo da venta de aperitivos e bebida para empezar a recadar fondos para a súa viaxe de fin de curso. Todos puideron gozar de diferentes actividades e obradoiros (bisutería - a cargo do alumnado de 3º ESO-, barro, etc.).

Cerimonia de despedida ao alumnado de 4º ESO: entrega da orla ao alumnado de 4º ESO; agasallo dun diploma con código QR para descargar as súas fotos e vídeos desde 4º El e un libro. Celebrouse pola tarde nun acto conxunto coas familias, con diferentes intervencións (dirección, titora e alumnado) e rematamos coa degustación duns aperitivos.

3. ORGANIZACIÓN ESCOLAR

3.1. Niveis Impartidos

<u>EDUCACIÓN INFANTIL</u>							
4º Educación Infantil		5º Educación Infantil		6º Educación Infantil			
EDUCACIÓN PRIMARIA							
1º Educación Primaria		3º Educación Primaria		5º Educación Primaria			
2º Educación Primaria		4º Educación Primaria		6º Educación Primaria			
EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA							
1º Educación Secundaria Obligatoria		2º Educación Secundaria Obligatoria		3º Educación Secundaria Obligatoria		4º Educación Secundaria Obligatoria	

PROFESORADO

<u>EDUCACIÓN INFANTIL</u>			
4º Educación Infantil	Candela González Cela		
5º Educación Infantil	Mercedes Núñez Fernández		
6º Educación Infantil	Sara Pérez Morán		
EDUCACIÓN PRIMARIA			
1º Educación Primaria	María del Pilar Bares Oubiña	4º Educación Primaria	Xulio Castañal Espinosa
2º Educación Primaria	Calima Fernández Barcia	5º Educación Primaria	Mª Belén Pedreira San Jurgo
3º Educación Primaria	Bernardo Justo Álvarez	6º Educación Primaria	Juan Faria Estévez

EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA	
1º Educación Secundaria Obligatoria	Carolina Gómez Alonso
2º Educación Secundaria Obligatoria	María Camba López
3º Educación Secundaria Obligatoria	María Asunción Blanco Salgueiro
4º Educación Secundaria Obligatoria	Beatriz Carrasco Pérez

3.2. Tutorías

3.3. Distribución do Profesorado

En Educación Infantil o profesorado imparte todas as áreas, agás a Lingua Inglesa, Música, estimulación da linguaxe e psicomotricidade que é impartida polo profesorado especialista.

No primeiro e segundo ciclo de primaria o profesorado tutor ou titora correspóndelle o groso das materias, no último ciclo de primaria está formado por especialistas nas distintas materias, coincidindo co profesorado da ESO, para a súa mellor adaptación a nova etapa da ESO.

3.4. Horarios

Para Educación Infantil organízase en tres sesións-recreo-dúas sesións-recreo-unha sesión. Desde Educación Primaria/Secundaria son dúas sesións-recreo-dúas sesións-recreo-dúas sesións.

4. ANÁLISE DO RENDEMENTO ESCOLAR

4.1. Alumnado por Cursos

Os obxectivos neste aspecto pódense considerar satisfactorios, pois un elevado número de alumnos/as superaron os cursos. Así:

<u>Curso</u>	<u>Número de alumnos</u>	<u>Superan o ciclo e promocionan</u>	<u>Non superan o ciclo e promocionan</u>	<u>Non superan o ciclo e non promocionan</u>
4º EI	17	17	0	0
5º EI	9	9	0	0
6º EI	16	16	0	0
1º EP	26	26	0	0
2º EP	25	24	0	1

3º EP	25	25	0	0
4º EP	24	24	0	0
5º EP	25	25	0	0
6º EP	25	2	0	2
1º ESO	28	28	0	0
2º ESO	26	26	0	0
3º ESO	26	25	0	1
4º ESO	26	3	0	3

4.2. Dificultades Atopadas e Medidas Correctoras Introducidas

Dificultades detectadas e medidas adoptadas

Durante o seguimento do alumnado ao longo destes cursos, identificáronse diversas dificultades de aprendizaxe que, nalgúns casos, foron superadas grazas ás medidas implementadas. As máis frecuentes foron as relacionadas co razoamento lóxico, a comprensión verbal, a expresión escrita, a comprensión e velocidade lectoras, así como cos hábitos de traballo e estudo.

Cómpre salientar, ademais, que nestes anos se detectou un número significativo de casos vinculados ao benestar emocional do alumnado, ben a través da observación directa no propio centro, ben a través da información proporcionada polas familias.

As actuacións desenvolvidas para facer fronte a estas necesidades poden agruparse en cinco grandes bloques:

Apoio dentro da aula

Desenvolvéronse actuacións de apoio educativo integradas nas sesións ordinarias, centradas especialmente na superación de dificultades no ámbito da lectoescritura e da lóxico-matemática.

Intervención do gabinete psicopedagóxico

Organizáronse grupos de reducidas dimensións, que recibiron atención especializada en varias sesións semanais, coa participación de profesorado do centro e da psicóloga, baixo a coordinación desta última. Os programas implementados tiveron como obxectivo o desenvolvemento do razoamento lóxico, a comprensión verbal, a lectura e a adquisición de estratexias de aprendizaxe, especialmente no alumnado da ESO.

Pedagogía terapéutica e Audición e Linguaxe

Adicáronse 24 horas semanais á atención individualizada do alumnado con necesidades educativas especiais, a través do servizo específico de Pedagogía Terapéutica e de Audición e Linguaxe.

Reforzo educativo fóra e dentro da aula

Parte do alumnado recibiu apoio adicional fóra do horario lectivo, traballando desde o fogar. Antes do inicio desta modalidade, realizouse unha entrevista coas familias co fin de analizar a situación do alumno/a, explicar con detalle o traballo que se debía desenvolver, o seu enfoque metodolóxico e o grao de colaboración que se agardaba por parte do entorno familiar.

Desdobres en materias instrumentais

Nos cursos de 1º a 3º da ESO realizáronse desdobres nas materias de Lingua Castelá e Matemáticas. Esta medida permitiu traballar de forma máis individualizada e favoreceu unha mellor comprensión e participación do alumnado nas actividades prácticas.

Introdución e desenvolvemento das técnicas de estudo

Conscientes da relevancia que ten a adquisición de hábitos e estratexias eficaces de aprendizaxe ao longo da etapa escolar, puxéronse en marcha programas específicos de técnicas de estudo desde 3º de Educación Primaria ata 2º de Educación Secundaria Obrigatoria.

O obxectivo principal desta medida é favorecer a autonomía do alumnado, proporcionándolle ferramentas que lle permitan organizar o seu tempo de estudo, comprender mellor os contidos, mellorar a súa memoria e rendemento académico e afrontar con máis seguridade as tarefas escolares e as avaliacións.

As sesións foron impartidas de forma progresiva e adaptada ao nivel madurativo de cada etapa. Entre as técnicas traballadas destacan:

A planificación e organización do tempo de estudo.

A comprensión lectora aplicada ao estudo de materias.

A elaboración de esquemas, mapas conceptuais e resumos.

A subliñación e selección de ideas principais.

Técnicas de memorización e revisión.

Estratexias para afrontar exames e mellorar a concentración.

Estas sesións foron integradas na dinámica habitual de traballo nas aulas e, en moitos casos, reforzadas a través de materiais complementarios para o traballo autónomo na casa.

A importancia das técnicas de estudo reside no feito de que non só melloran o rendemento académico, senón que tamén contribúen a previr situacións de fracaso escolar, reducen a ansiedade fronte ás tarefas escolares e fomentan a autoestima do alumnado, ao dotalo de recursos concretos e estruturados para abordar o proceso de aprendizaxe.

A formación en técnicas de estudo constitúe, por tanto, unha peza clave dentro do enfoque preventivo e compensadora acción educativa desenvolvida no centro.

Ademais destas medidas, mantívose unha estreita coordinación coas familias, especialmente no caso do alumnado da etapa de Secundaria, mediante entrevistas destinadas ao seguimento e control dos hábitos de estudo e traballo no fogar.

5. ANÁLISE DOS OBXECTIVOS ESPECÍFICOS DA ESCOLA

5.1. Departamento de Orientación

O gabinete psicopedagógico e de orientación, formado por Rubén García, Aldara-Evan, María Sol Rodríguez e Aldara Camba desenvolveu as tarefas de audición e linguaxe e continuou no presente curso nos programas para a mellora do rendemento académico, nas técnicas de estudo, nos reforzos educativos e estimulación da linguaxe na Educación Infantil e na Educación Primaria, organización das titorías, as entrevistas coas familias e o asesoramento ao profesorado das materias propias do seu traballo, tal e como recolle a memoria, no anexo I.

5.2. Actualización do Profesorado

A participación do profesorado está practicamente concentrada en tres vertentes: organizadas polo propio Centro, polo Centro de Formación e Recursos de Vigo, ao que a Escola está adscrito, e polos cursos da CECE, organización da que Colexio Andersen é socio. Leváronse a cabo diferentes procesos formativos do profesorado en novas tecnoloxías:

Este ano seguimos no Proxecto Digicraft (Intelixencia artificial e videoxogo), un programa de dous anos que comprende itinerarios formativos utilizando distintas tecnoloxías emerxentes como vehículo de aprendizaxe (realidade aumentada, intelixencia artificial, videoxogos, robótica...), dirixido aos obradoiros de 5º e 6º EP e impartidos por profesorado do Centro despois dun período de formación.

Continuamos na plataforma Moodle e Edixgal como aula virtual.

Como outros anos, o departamento da biblioteca participou nos Encontros dos centros do Plan de mellora de bibliotecas escolares curso 2024/2025.

O centro desenvolveu diversas liñas de innovación educativa e de mellora da práctica docente, coa participación activa do profesorado en accións de formación continua en colaboración co CEFORE.

As temáticas abordadas incluíron as matemáticas manipulativas, o proxecto LOVA (La Ópera, un Vehículo de Aprendizaxe) e a integración das tecnoloxías mediante os Polos Creativos, favorecendo unha aprendizaxe competencial, creativa e significativa.

A biblioteca escolar actuou como motor de dinamización lectora e apoio aos proxectos didácticos, mentres que o traballo colaborativo se organizou a través de equipos de ciclo, departamentos e grupos de innovación, consolidando a coordinación docente e a creación de materiais propios.

Estas accións, desenvolvidas con apoio do CEFORE, contribuíron a avanzar cara a un modelo educativo máis inclusivo, actualizado e centrado no desenvolvemento integral do alumnado.

5.3. Grupos de Apoio Dentro da Aula

Dependendo das dificultades e das necesidades en cada curso fórmanse grupos de apoio de xeito seguinte:

5.3.1. Grupos moi reducidos

Coa fin de realizar reforzos educativos, dirixidos polo profesorado da materia e impartidos por de aprendizaxe (realidade aumentada, intelixencia artificial, videoxogos, robótica...), dirixido aos obradoiros de 5º e 6º EP e impartidos por profesorado do Centro despois dun período de formación.

5.3.2. Grupos pequenos

Co fin de facer un traballo máis personalizado e un maior seguimento das aprendizaxes do alumnado. Trabállanse aspectos nos que o alumnado presentan maiores dificultades, sobre todo nas materias de Lingua Castelá e Matemáticas. Este ano tamén contamos con un auxiliar de conversa nativo.

5.4. Consello Escolar

Durante o curso varias foron as reunións celebradas, nas que destacaron como puntos a tratar:

- Orzamentos 2024-25.
- Días non lectivos e calendario escolar curso 2024-2025.
- Plambe 2024-2025.
- Proxecto LÒVA.
- Programación Xeral do curso 2024-2025.
- Plan Dixital 2024-2025.
- Solicitudes admisión 2024-2025.

5.5. Plan de Convivencia Escolar

O Plan de Convivencia busca fomentar un ambiente escolar onde se promovan valores como o respecto, a empatía e a colaboración. Este plan está dirixido a formar ao profesorado, ao alumnado e ás familias para traballar conxuntamente cara a unha convivencia harmoniosa e positiva.

5.5.1. Formación do Profesorado

A formación do profesorado é un dos piares fundamentais para a implementación efectiva do Plan de Convivencia. Inclúe:

Obradoiros e Seminarios: Sesións relacionadas coa convivencia na aula e no centro.

Técnicas de Xestión da Aula: Estratexias para a xestión da aula baseadas no respecto mutuo e na colaboración, promovendo un ambiente de aprendizaxe seguro e motivador.

Resolución de Conflitos: Formación en métodos de resolución de conflitos que favorezan a comunicación efectiva e a mediación, en lugar de métodos punitivos.

Apoio Continuo: Creación de grupos de apoio e intercambio de experiencias entre os docentes para compartir boas prácticas e solucións aos desafíos que poidan xurdir.

5.5.2. Formación do Alumnado

O alumnado tamén debe participar activamente na creación dun clima de convivencia positiva. As actividades propostas inclúen:

Obradoiros de Empatía e Respeto: Actividades que promovan a empatía, a escoita activa e o respecto polos demais.

Espazos de Reflexión: Creación de espazos onde os estudantes poden expresar as súas inquedanzas e propostas para mellorar a convivencia no centro.

Xogos e Dinámicas de Grupo: Actividades lúdicas que fomenten a colaboración e o traballo en equipo, reducindo así os comportamentos competitivos e agresivos.

Proxectos de Servizo Comunitario: Iniciativas que impliquen ao alumnado en proxectos que beneficien á comunidade escolar e á comunidade local, reforzando o sentimento de pertenza e responsabilidade social.

Obradoiros específicos de 5ºEP a 2º ESO en habilidades sociais e convivencia.

5.5.3. Formación das Familias

A implicación das familias é crucial para o éxito do Plan de Convivencia. Para iso, propónse:

Charlas Informativas: Sesións informativas sobre a disciplina positiva e a súa aplicación tanto no ámbito escolar como no familiar.

Reunións de Seguimento: Encontros periódicos entre profesorado e familias para avaliar o progreso do plan e axustar as intervencións necesarias.

Material Didáctico: Provisión de recursos e materiais didácticos que as familias poidan usar na casa para reforzar os valores e habilidades traballadas na escola.

5.5.4 Implementación do Plan de Convivencia

Para asegurar a correcta implementación do Plan de Convivencia, seguiranse os seguintes pasos:

Diagnóstico Inicial: Avaliación do clima escolar e identificación das áreas que precisan mellora.

Definición de Obxectivos: Establecemento de obxectivos claros e alcanzables en función das necesidades detectadas.

Planificación de Actividades: Deseño detallado das actividades formativas para o profesorado, o alumnado e as familias.

Execución do Plan: Implementación das actividades segundo o cronograma establecido.

Avaliación e Axuste: Seguimento e avaliación continua do plan para medir o seu impacto e realizar os axustes necesarios para mellorar a súa eficacia.

O Plan de Convivencia pretende crear un entorno educativo onde todos os membros da comunidade escolar se sintan valorados e respectados. A través da formación integral do profesorado, alumnado e

familias, e a implementación de estratexias concretas e colaborativas, é posible alcanzar unha convivencia máis harmoniosa e enriquecedora para todos.

5.6. Animación á lectura

O Plan Anual de Lectura (PAL) do noso centro educativo constitúe un instrumento esencial para o desenvolvemento integral do alumnado. A súa finalidade principal é garantir que, ao finalizar a súa etapa educativa no centro e en consonancia coa súa idade e madurez, o alumnado posúa as competencias lingüísticas necesarias para o seu desenvolvemento persoal, académico e profesional. Neste sentido, o equipo docente comprométese de maneira firme a implementar accións que favorezan a mellora da comprensión lectora, así como a consolidación do hábito lector como ferramenta indispensable de aprendizaxe e gozo persoal.

Neste marco, a biblioteca escolar desempeña un papel central como eixe dinamizador da vida cultural e educativa do centro. Entendida como un espazo de aprendizaxe creativa, crítica e colaborativa, constitúe un verdadeiro laboratorio de experiencias, proxectos e iniciativas que xiran en torno ao desenvolvemento das competencias lectoras, informacionais e mediáticas do alumnado.

Desde o curso 2018-2019, o noso centro forma parte do Programa de Bibliotecas Escolares de Galicia (PLAMBE), grazas ao cal recibimos anualmente unha subvención que nos permite enriquecer e actualizar os fondos bibliográficos, mellorar os espazos físicos e dotar a biblioteca de recursos educativos que favorezan unha aprendizaxe significativa e unha experiencia lectora plena.

A biblioteca está estruturada en distintas áreas específicas: espazo de xogos, zona creativa, espazos de lectura diferenciados para Educación Infantil, Primaria e Secundaria, áreas informais de lectura, zonas TICS e o Espazo +Media, que integra a radio escolar e o croma. Este deseño permite atender as necesidades lectoras e informacionais de toda a comunidade educativa.

Conta cun equipo estable de profesorado con dedicación horaria semanal, así como cun grupo de alumnado voluntario que colabora activamente nas tarefas de ordenación, sinalización, organización dos fondos e apoio nas actividades de dinamización. Desde hai varios cursos estase a levar a cabo o proceso de automatización do catálogo bibliográfico a través do programa Meiga, ademais de labores de sinalización externa e interna e de organización de accións formativas sobre o uso e funcionamento da biblioteca.

O Plan Anual de Lectura establece, entre os seus principais obxectivos pedagóxicos, os seguintes: Potenciar o desenvolvemento do hábito lector desde todas as áreas curriculares, adaptándose ás particularidades de cada etapa e materia.

Mellorar no alumnado as habilidades e estratexias lectoras que lles permitan converterse en lectores autónomos, críticos e reflexivos, capaces de comprender, interpretar e utilizar distintos tipos de textos, soportes e formatos.

Estimular o pracer pola lectura, promovendo a creatividade, a sensibilidade e a imaxinación a través de múltiples propostas e accións lectoras.

Consolidar a biblioteca escolar como un espazo aberto, dinámico e inclusivo que fomente a lectura e o desenvolvemento das competencias clave no conxunto da comunidade educativa.

Para dar cumprimento a estes obxectivos, o equipo de dinamización da biblioteca diseña un calendario anual de actividades que inclúe contacontos, xincanas literarias, edición de boletíns e guías de lectura, publicacións temáticas mensuais, exposicións de novidades, obradoiros de creación literaria, elaboración de marcapáxinas, exhibicións de talentos, entre outras iniciativas.

A biblioteca conta ademais cun blog educativo que funciona como espazo virtual de comunicación e difusión das propostas lectoras, e cun perfil en Instagram que permite dar visibilidade ás actividades desenvolvidas, fomentando a implicación das familias e do alumnado.

No eido da alfabetización informacional, a biblioteca promove programas de formación de usuarios nos que se ensina ao alumnado o funcionamento da CDU, a identificación de pictogramas e sinais, a utilización do OPAC para a localización de documentos, o recoñecemento de fontes de información e o uso axeitado dos distintos formatos e soportes.

Establecemos tamén sinérxicas colaboracións coas bibliotecas públicas de Vigo e Baiona, mediante visitas guiadas e talleres de usuario que permiten ao alumnado coñecer o funcionamento destes servizos e solicitar o carné da rede de bibliotecas de Galicia.

A organización de encontros con autores e autoras forma parte esencial da nosa programación anual e constitúe unha oportunidade extraordinaria para que o alumnado viva a lectura como unha experiencia próxima, significativa e enriquecedora.

A implicación dos distintos estamentos da comunidade educativa resulta fundamental: familias, alumnado, profesorado en activo e xubilado, así como antigos alumnos e alumnas, colaboran activamente no desenvolvemento do Plan Lector. Estes obxectivos son presentados e compartidos nas reunións iniciais de curso, asegurando unha coordinación efectiva e unha participación activa por parte de todos os axentes implicados.

O traballo interdisciplinar dende as diferentes materias permite a realización de proxectos de investigación, presentacións orais e escritas, dramatizacións, exposicións e creacións audiovisuais que teñen como punto de partida ou eixo transversal a lectura e a documentación.

A celebración de datas sinaladas como o Día das Bibliotecas Escolares, o Día Escolar da Non Violencia e a Paz, o Día da Muller e da Nena na Ciencia, o Día de Rosalía, o Día da Discapacidade, ou o Día Internacional contra a Violencia de Xénero, entre outras, dá lugar a exposicións bibliográficas, compartición de textos e producións elaboradas polo alumnado, xerando un diálogo permanente entre a lectura e a realidade social.

A actividade da Hora de Ler segue sendo un dos momentos máis valorados tanto polo alumnado como polo profesorado. En Educación Primaria establécese unha rutina diaria de 20 minutos de lectura libre; en Secundaria, destínase unha hora semanal. Para facilitar esta práctica, a biblioteca elabora lotes de libros variados que circulan entre as aulas, ofrecendo opcións literarias, divulgativas, xornalísticas ou lúdicas, e promovendo tamén a lectura en voz alta ou dirixida, segundo a metodoloxía de cada docente.

O porfollamento lector continúa a ser unha práctica habitual na que o alumnado de cursos superiores (madríñas e padriños) acompaña ao alumnado máis novo no proceso de adquisición da competencia lectora, compartindo contos, poemas e lecturas significativas.

Destacamos tamén a estreita conexión entre o Proxecto Lector e o Proxecto TIC, que deben traballar conxuntamente para abordar os retos da multialfabetización. A adquisición da competencia dixital e do pensamento crítico require ensinar ao alumnado a buscar, seleccionar, interpretar e transformar a información en coñecemento. Fomentamos o uso de ferramentas dixitais na elaboración de traballos documentais, presentacións, redaccións e visitas virtuais a museos ou bibliotecas.

As mochilas viaxeiras, que levan anos funcionando con éxito en Educación Infantil e nos dous primeiros cursos de Primaria, ampliáronse este curso a 3º, 4º, 5º e 6º de Primaria, consolidándose como unha actividade moi ben acollida polas familias e o alumnado.

No presente curso 2024-2025, as actividades promovidas desde a biblioteca estiveron fortemente vinculadas co Proxecto Documental Integrado (PDI) baixo o lema “Todas as cancións falan de min”, así como coas diferentes efemérides e saídas didácticas. A continuación recóllese unha síntese das accións máis salientables por orde cronolóxica:

25 de outubro: o alumnado de 2º de Primaria realizou un flashmob coa canción “Pisando follas” e confeccionou unha paisaxe coas follas recollidas no bosque próximo á escola. O alumnado de 3º e 4º da ESO participou no obradoiro Cinema e liberdade, centrado na igualdade de xénero e a prevención da violencia, a través da proxección do filme Tódalas mulleres que coñezo de Xiana do Teixeiro.

27 de outubro: o alumnado de Educación Infantil asistiu ao contacontos en inglés Mousy and the big red ball, organizado pola academia Kids & Us.

4 de outubro: coincidindo co Día Mundial dos Animais, todo o alumnado de Infantil e Primaria participou nunha charla impartida pola protectora viguesa Proxecto Gato sobre o coidado responsable e a sensibilización fronte ao abandono de animais.

7 de outubro: unha familia de 2º de Primaria impartiu unha masterclass para escoitar os latexos do corazón e experimentar como se modifican ao ritmo da música.

O 7 e 8 de outubro o alumnado de educación infantil e 1º e 2º de primaria traballaron a canción “Un gatito” relacionando cada imaxe do conto con cada unha das estrofas da canción e marcando o pulso con instrumentos de percusión.

O 10 de outubro, unha familia acudiu ao centro para contarlle un conto e recitar un poema, acompañado dun fío musical, ao piano para o alumnado de 2º de educación primaria.

O 11 de outubro o alumnado de 2º de educación primaria pintou nun papel contínuo o chan con dous tipos de música, por unha banda, a música era activa e forte, e tiñan que pintar o papel con cores cálidas, mentres que, a outra era calmada e relaxante, e tiñan que pintar de cores frías, identificando finalmente as emocións que sentiron e expresaron pintando.

O 17 de outubro, o alumnado de 4º da ESO aprendeu as fases de mitose bailando coacoa axuda dunha canción con moito ritmo. Este mesmo día o alumnado de 1º de educación primaria traballaron o conto

de “Corre corre cabaciña”, cantando todos xuntos e diferenciando o pulso e o acento da música con percusión corporal.

O 17 de outubro Luis, antigo mestre da escola, visitou ao alumnado de educación primaria e contounos moitos contos relacionados co esforzo e a música. Ademais, a familia dunha das alumnas de 2º EP, co motivo da celebración do seu aniversario, representou unha obra de teatro, onde explican que todos os problemas da música solucionanse coa música.

O 18 de outubro, para a celebración do aniversario dun alumno de 2º de educación primaria, a súa familia trouxo varios videos curtos sobre a historia da música.

O 21 de outubro o alumnado de educación primaria participou nun obradoiro ambiental sobre a flora exótica invasora da nosa contorna, a cargo da asociación AMABUL.

O 23 de outubro o alumnado de educación infantil acudiu á biblioteca Neira Vilas para coñecer o seu funcionamento e facer un contacontos.

O 24 de outubro todo o alumnado do centro reuniuse no patio para, aproveitando o día das bibliotecas, presentar o PDI deste ano “Todas as cancións falan de min”, co que pretendemos converter o colexio nun auditorio onde se escoite todo tipo de músicas e a relacionalas con cada momento de aprendizaxe.

O 25 de outubro, o alumnado de 5º de educación primaria e 1º da ESO, recibiu o seu bautismo de vela, realizando un obradoiro de redes e pesca, así como unha visita ao observatorio Nautilus e ao barco de vapor Hídria Segundo. Participando na Semana Azul organizada polo Clúster Náutico Ría de Vigo.

Tamén este día, o alumnado de 4º da ESO visitou o Centro de Investigación en Tecnoloxías de Telecomunicación da Universidade de Vigo, AtlanTTic, para participar na Xornada de Portas Abertas 2024, Conecta con atlanTTic coñecendo de primeira man á Escola de Enxeñaría de Telecomunicacións.

O 30 de outubro, todo o colexio celebrou o Samaín, participando en distintas actividades e obradoiros..

O 8 de novembro todo o colexio celebramos a festa do Magosto no monte dos Pozos, facelndo unha caminata co profesorado.

O 12, 20 e 29 de novembro, o alumnado de 3º da ESO participa por segundo ano consecutivo no programa YAM (Youth Aware of Mental Health), un programa que busca promover o benestar mental na xuventude. O alumnado participa en actividades deseñadas para fomentar a saúde mental, desenvolver estratexias de afrontamento fronte aos desafíos emocionais e aumentar a conciencia sobre a importancia de coidar o seu benestar psicolóxico.

O 14 de novembro, o alumnado de 4º de educación primaria visitou o Museo de Meirande en Redondela, coñecendo un pouco máis da nosa contorna a través de acontecementos históricos ocorridos na nosa ría e das súas diversas riquezas.

O 15 de novembro, 3º e 4º da ESO asistiu a dúas charlas-obradoiro de EnlazaVigo, que levan por título “Violentómetro e 10 formas de violencia de xenero dixital” tendo como obxectivos: detectar e descubrir as distintas manifestacións de violencia contra a muller (violencia machista ou violencia de xénero) e previr e concienciar á mocidade sobre a violencia de xénero.

O 20 de novembro, 6º de educación infantil, xunto con 2º, 4º e 6º de educación primaria, realizaron diversos obrdoros no programa “Camiña con nós”.

O 22 de novembro, o alumnado de 2º da ESO realizou unha visita pedagóxica á Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía participando en dous obradoiros que levan por título “Física Re-creativa e Materiais”.

O 23 de novembro, o alumnado de 4º de educación infantil participou no proxecto “Árbores escola”, observando, comparando, clasificando e traballando todo o relativo as árbores da escola, facendo un libríño recopilatorio.

O 25 de novembro, coincidindo co Día da Eliminación da Violencia contra a Muller, no colexio organizamos unha serie de actividades para sensibilizarnos desta lacra social.

O 26 de novembro, José Valtierra visitou ao alumnado de 3º de educación primaria, este divulgador e experto na prehistoria, realizou un obradoiro co noso alumnado acerca da música na prehistoria.

O 29 de novembro, o alumnado de 5º e 6º de educación infantil fixo unha saída didáctica ao Pazo da Cultura de Pontevedra onde realizaron uns obradoiros dos Bolechas e, a continuación, asistirán á obra de teatro da Nena e o Grilo de Magín Blanco.

Do 9 ao 13 de decembro organizouse un concurso de construción de castelos de naipes para o alumnado da ESO co fin de desenvolver as habilidades motoras, fomentar a paciencia e a concentración, estimular a creatividade...

O 9 de decembro, o alumnado de educación infantil fixo unha visita ao Centro de Día D´Alba, cantando unhas panxoliñas.

O 15 de xaneiro o alumnado de 4º da ESO fixo un proxecto de colaboración para a recollida de léxico galego-castelán nos centos de ensino de Secundaria coordinado polo Instituto da Lingua Galega e a Real Academia da Lingua. Colabora a Coordinadora de EDLG.

O 20 de xaneiro, o alumnado de 6º de educación infantil e 2º, 4º, e 6º de educación primaria participaron na caminata solidaria “Camiña con nós pola igualdade”.

O 21 de xaneiro o alumnado de 3º e 4º da ESO recibiu unha charla informativa sobre computación na nube, onde se almacea e a súa seguridade. O mesmo día o alumnado de 5º de educación primaria tratou de identificar os diferentes ecosistemas só a través dos sons.

O 23 de xaneiro, o alumnado de 4º de educación infantil fixo o xogo do silencio, intentando pasar unha campá un por un sin que faga ningún son.

De outubro a febreiro o alumnado de 4º de educación primaria fixo un podcast onde entrevistaron ao profe Fergus, expusieron as súas festas favoritas e fixeron un top 10 dos seus mestres favoritos do colexio.

Entre finais de xaneiro e principios de febreiro, o alumnado da ESO, ensaiou e realizou unha unidade didáctica sobre Danzas do mundo, aprendendo a danza Oxo reel de Escocia Trantella de Italia, a Chapelloise de Francia, entre outras.

O día 7 de febreiro o alumnado de 2º da ESO acudiu a Santiago de Compostela a recoller o premio Meteoescolas no palacio de Congresos. Tamén, xunto con 3º da ESO asistiron a o concerto “Preguntas sen resposta” interpretado pola Real Filarmónica de Galicia e visitaron o Museo do Pobo Galego.

O día 11 de febreiro o alumnado da ESO conectaron con MUNCYT por o día internacional da muller e da nena na ciencia.

O día 12 de febreiro o alumnado de 1º e 2º da ESO recibiu unha visita da Universidade de Vigo para coñecer como se orixinou o internet e como funciona.

O día 19 de febreiro o alumnado do ciclo de Educación Infantil asistiu a unha actividade teatral por parte do equipo de Proxecto Terra co fin de contribuír a mellorar a formación que a poboación escolar galega sobre as xentes, os espazos e os lugares que habitamos.

O día 25 de febreiro o alumnado de 5º de educación primaria realizou unha xuntanza con outros colexios para realizar a actividade deportiva. O mesmo día, o alumnado de 1º da ESO fixo unha actividade dinamizadora con obradoiros de regueifas para a dinamización do galego.

O día 12 de marzo, o alumnado de 1º e 2º de educación primaria visitaron o Concello e a biblioteca de Nigrán.

O día 13 de marzo o alumnado de 4º de infantil levaron a cabo as distintas actividades propostas de actividades “Descubrinto os sons”, dende actividades de grafomotricidade libre ao ritmo da música de Aran Malikian, identificación de sons cotidianos únicamente co noso sentido do oído etc.

O 14 de marzo, todo o alumnado da ESO asistiu á Feira da Educación das Ensinanzas Artísticas e Profesionais de Vigo.

O 20 de marzo o alumnado de 6º de educación infantil e 2º e 4º de educación primaria tiveron unha charla sobre a figura da muller na historia.

O día 21 de marzo todo o alumnado do centro puxolle música a diferentes poemas para cantalos, celebrando o día da Poesía.

O día 3 de abril o alumnado de 1º da ESO realizou unha saída pedagóxica á fortaleza do Castro de Vigo e os seus túneles. Este mesmo día o alumnado de 4º de educación primaria realizou unha saída didáctica ao Monte do Castro.

O día 4 de abril o alumnado de 3º de educación primaria visitou Salinae, mentres que o alumnado de 4º de educación primaria fixeron un roteiro polo Casco Vello de Vigo.

O día 10 de abril, o alumnado de 5º e 6º foron ao concerto didáctico “E-TRAD” no auditorio do Concello de Vigo.

O día 14 de abril o alumnado da ESO visitou o Museo das Palabras donde se celebraban a xornadas sobre profesións onde os alumnos descubriron distintas saídas profesionais.

O día 28 de abril o alumnado de 5º de educación primaria recibiu a visita de Anxo Fariña para falar do seu libro “Megatoxos”.

O día 6 de mayo o alumnado de educación infantil e 1º e 2º de educación primaria foron ao teatro de monicreques de Monstruo de Cores feito pola asociación San Rafael na Fraga da Palabra.

O día 7 de mayo o alumnado de 3º e 4º da ESO tivo unha charla impartida polo Cluster do Granito deu unha charla sobre a presenza das mulleres en profesións consideradas “de homes” O mesmo día, as mestras de educación infantil tiveron un curso de “Naturaliza”.

O día 8 de mayo o primeiro ciclo de infantil foron ao teatro a fundación a ver a obra “Un xardín” sobre a importancia de conservar a natureza.

O día 16 de mayo, todo o centro saíu a celebrar os Maíos e o Día das Letras Galegas no Bosque da Memoria de Chandebirito.

O día 22 de mayo o alumnado de 1º e 3º de ESO realizou unha saída pedagóxica á Casa das Artes para participar na visita-obradoiro sobre a exposición “Non fun” da artista Pilar Alonso.

Durante todo o mes de xuño, celebrouse na Fraga da Palabra un Talent Show onde participou o alumnado interesado de maneira voluntaria.

O día 12 de xuño, todo o alumnado do centro participou nunha degustación de produtos de mar, actividade realizada polo programa da xunta: Galicia sabe a mar.

O día 16 de xuño o alumnado de 5º de educación primaria actuou no auditorio do Concello de Vigo cunha obra de teatro orixinal como parte do Proxecto Lova.

6. OUTROS DATOS SOBRE O FUNCIONAMENTO DA ESCOLA

6.1. A Xornada en Sesión Única

Todos os estamentos se ratifican na aceptación deste horario como o máis racional e vantaxoso.

6.2. Saídas escolares e actividades didácticas no centro

A Escola valora moi positivamente o acercamento, inserción e experimentación, como fórmulas de aprendizaxe activa, na vida real. Por isto é un aspecto a destacar dentro da súa programación as visitas de acordo coa idade e aprendizaxe do alumnado. As saídas escolares, preparadas antes, traballadas durante, e realizando unha corrección e posta en común, reflicten a importancia que se lles dá. Realizáronse as saídas previstas, aumentando algunhas máis que puntualmente xurdiron: traballos na natureza, concertos, teatros e saídas ao medio histórico.

6.2.1. Educación Infantil

Ao longo de todo o curso escolar, o ciclo de EI levou a cabo andainas ao bosque do cole, onde a través das saídas explorou e coñeceu: as árbores e plantas máis características desta zona, vivenciou os distintos cambios que se produciron no entorno en xeral dependendo da estación na que estaban ampliando e investigando os elementos naturais. As saídas foron de gran ferramenta de traballo xa que no só traballaron aspectos e contidos de ciencias naturais, senón que serviu como soporte para traballar aspectos matemáticos ou da linguaxe por exemplo.

No mes de setembro (27.09) o alumnado de todo o ciclo de Educación Infantil participaron dun contacontos en inglés Mousy and the big red ball, organizado pola academia de inglés para nenos de Nigrán “Kids and us”.

No mes de outubro (04.10) o alumnado de todo o ciclo de Educación Infantil asistiron a unha charla na escola de protectora “Proxecto Gato”. Explicaron a súa labor e a importancia de sensibilizar á sociedade sobre abandono e coidado destes animais. Alí explicáronlle a importancia de non dar de comer aos gatos da rúa, como proceder cando atopamos gatos, ou o traballo que fan os voluntarios da protectora, como facerse voluntario, etc.

No mesmo mes de outubro (23.10) o alumnado de 4º e 5º de Educación Infantil, asistiu á Biblioteca Neira Vilas, alí participaron de varios contacontos e actividade manipulativa sobre os contos lidos e tamén puideron gozar de tempo de lectura libre.

O mesmo día, o curso de 6º de Educación Infantil, asistiu ao Mercado do Calvario, para ampliar contidos incluíndoo no Plan Proxecta da Xunta- Nutriescolas na que estamos adscritos. Alí fixeron un xogo de búsqueda de productos.

No mes de novembro (20.11), o alumnado de 6º de Educación Infantil, participaron da primeira charla e obradoiro sobre igualdade deste curso escolar, organizado polo programa “Camiña con nós” do Ministerio de Igualdade. Este programa xa participaron os pasados cursos.

No mesmo mes de novembro (29.11), o alumnado de 5º e 6º de Educación Infantil, participaron dunha saída didáctica ao Pazo da Cultura de Pontevedra. Alí realizaron uns obradoiros dos Bolechas e a continuación asistiron á obra de teatro da Nena e o Grilo de Magín Blanco.

No mes de decembro (09.12) o alumnado de 4º e 5º de Educación Infantil, asistiron ao centro de día “D’Àlba” a cantar unhas panxoliñas ás persoas maiores que asisten alí cada día.

No mesmo mes de decembro (12.12) o alumnado de todo o Ciclo de Infantil, asistiron a unha charla para promover a reflexión sobre os hábitos de consumo e fomentar un consumo responsable nas datas de Nadal, organizada pola Escola Galega de Consumo co programa que leva o título de Info Nadal Consumo, así mesmo explicaron a campaña de seguridad de xoguetes e productos de decoración que teñen.

No mes de xaneiro (20.01), o alumnado de 6º de Educación Infantil, participaron da segunda charla e obradoiro sobre igualdade co tema “Xoguetes e xogos para todos e todas”, organizado polo programa “Camiña con nós” do Ministerio de Igualdade. Alí a través dun obradoiro charlaron sobre as “responsabilidades entre os homes e as mulleres”.

No mes de febreiro (06.02), o alumnado de todo o ciclo de Educación Infantil, participaron dunha saída didáctica á fabrica conserveira de Albo, situada en Salvatierra do Miño. Alí puideron percorrer o interior de fábrica, coñecer as distintas zonas de traballo, así como vivenciar o proceso de fabricación e elaboración das latas de conservas.

No mesmo mes de febreiro (01.02), o alumnado de todo o ciclo de Educación Infantil, participaron dunha actividade teatral por parte do equipo de Proxecto Terra. É un proxecto do Colexio de Arquitectos de Galicia dirixido ás distintas etapas educativas co fin de contribuír a mellorar a formación que a poboación escolar galega debe ter sobre as xentes, os espazos e os lugares que habitamos. O obxectivo foi que o alumnado percibise o hábitat humano desde as diferentes perspectivas. A actividade tivo lugar dentro do horario escolar e nas instalacións do colexio.

No mesmo mes de febreiro (20.02), o alumnado de 5º e 6º de Educación Infantil, fixeron unha saída didáctica ao Monte do Castro. Alí visitaron a fortaleza e observaron a xeografía da ría... a través dun pequeno percorrido pola zona.

No mes de marzo (20.03), o alumnado de 6º de Educación Infantil, participaron da terceira charla e obradoiro sobre igualdade deste curso escolar, co tema “Eu quero ser” organizado polo programa “Camiña con nós” do Ministerio de Igualdade.

No mes de abril (03.04), o alumnado de 4º de Educación Infantil, fixeron unha saída didáctica ao Monte do Castro. Alí visitaron a fortaleza e observaron a xeografía da ría... a través dun pequeno percorrido pola zona.

No mes de maio (06.05), o alumnado do ciclo de Educación Infantil, asistiron a unha obra de títeres de sombras na escola, organizada pola escola de San Rafael.

No mesmo mes de maio (07.05), o alumnado do ciclo de Educación Infantil, participaron dunha actividade- clase fóra da aula “Siento y luego exploro” - exploración da natureza organizada polo programa de Naturaliza. O ciclo de infantil participou tamén incluíndo na web de Naturaliza actividades utilizando as guías didácticas de dita web e resultaron gañadores dun lote de materiais.

No mesmo mes de maio (08.05) todo o ciclo de EI, asistiu a unha obra teatral - “E entón, un xardín”, peza de monicreques con música en directo no teatro de Afundación de Vigo.

No mes de xuño (03.06), o alumnado do ciclo de Educación Infantil, realizou a súa saída de Fin de curso. Achegáronse ata o parque da Canuda en Salvatierra do Miño. Alí disfrutaron do parque, visitaron as aves e xogaron no circuíto que teñen con semáforos e sinais de tráfico. Despois almorzaron e tomaron un xeadado e voltaron á escola pola tarde.

No mesmo mes de xuño (12.06), o alumnado do ciclo de Educación Infantil, participaron dunha degustación de produtos de mar, actividade realizada polo programa da Xunta: Galicia sabe a mar.

Proxectos de aula ou ciclo:

Ao longo do curso escolar leváronse distintos proxectos de aula e tamén do conxunto do ciclo, entre eles por exemplo: os animais de granxa, os oficios, así son eu!, as plantas, os vermes de seda, obradoiros de cociña saudable, Ven á escola (visita das familias á escola para contar a súa profesión, contar un conto, etc.).

Outra actividade desenvolvida polo alumnado de Educación Infantil estivo relacionada coa horta do cole, este curso 24.25 plantaron leitugas, chícharos, pementos, tomates...o día dos obradorios coas familias, ademais participaron dos coidados básicos de esta (limpeza, rego, etc).

Ademais este ano o ciclo de EI, tamén foi admitido pola Xunta no Plan Proxecta de Nutriescolas 0. Para isto, elaboraron no mes de setembro, un proxecto onde programaron obxectivos, contidos e actividades para levar a cabo o proxecto ao longo do curso. A finais de xuño elaboraron unha memoria onde recolleron e valoraron a posta en marcha do proxecto.

Propostas conxuntas de ciclo:

Este ano tamén levamos a cabo o proxecto de propostas para o ciclo de infantil onde o alumnado circulaba libremente polas aulas e polas distintas propostas dependendo da súa necesidade de exploración e movemento. Estas, estaban programadas para dar liberdade creativa, imaxinativa e de

movimento, facendo das propostas unha maneira de canalizar as distintas inquietudes da diversidade do alumnado.

6.2.2. Educación Primaria

Saídas, obradoiros e actividades

Ao longo do curso escolar 2024-2025, o alumnado do Colexio participou nunha ampla variedade de actividades complementarias e extraescolares co obxectivo de reforzar os contidos traballados nas aulas, promover a convivencia e o respecto, e favorecer o coñecemento do contorno social, cultural e natural.

O 4 de outubro tivo lugar unha charla de sensibilización organizada polo Proxecto Gato, dirixida a todo o alumnado, co fin de concienciar sobre o coidado dos animais, especialmente dos gatos abandonados. Nesa mesma xornada iniciouse unha recollida solidaria de produtos para colaborar coa mencionada asociación, na que participou o alumnado de Educación Infantil e Primaria.

Durante os días 21 e 25 de outubro, o alumnado de 1º, 2º, 3º e 4º de Educación Primaria participou en obradoiros ambientais centrados no coñecemento e prevención das especies invasoras, actividade organizada polo Concello de Vigo.

O 24 de outubro celebrouse o Día das Bibliotecas Escolares, aproveitándose esta data para presentar ao alumnado o Proxecto Documental Integrado (PDI) do curso, que xirou en torno ao tema da convivencia, a igualdade e o respecto.

O 25 de outubro, o alumnado de 5º de Educación Primaria participou na Semana Azul, que incluíu actividades de sensibilización e coñecemento do medio mariño, así como visitas relacionadas coas tradicións mariñeiras.

O 30 de outubro, todo o alumnado do centro participou na celebración do Samaín e Halloween, realizando actividades como exposicións de cabazas decoradas e disfraces temáticos.

O día 5 de novembro, o alumnado de 3º, 4º e 5º de Primaria asistiu a un obradoiro sobre reciclaxe e coidado do medio ambiente, promovido tamén polo Concello de Vigo.

O tradicional Magosto celebrouse o 8 de novembro no Monte dos Pozos. Todo o alumnado participou nesta xornada de convivencia onde degustaron castañas e participaron en xogos populares.

O 14 de novembro realizáronse dúas saídas culturais: o alumnado de 3º de Primaria visitou o Castelo de Soutomaior e os seus xardíns, mentres que o alumnado de 4º de Primaria acudiu ao Museo Meirande, onde coñeceron aspectos da historia e riqueza da nosa ría.

O 20 de novembro desenvolvéronse varios obradoiros de igualdade dentro do programa municipal Camiña con nós, nos que participou o alumnado de 6º de Educación Infantil e de 2º, 4º e 6º de Primaria. Traballáronse contidos relacionados coa igualdade de xénero e a análise crítica de cancións e mensaxes musicais.

O 25 de novembro conmemorouse o Día Internacional contra a Violencia de Xénero mediante diversas actividades de sensibilización. Todo o alumnado vestiu de negro e levou un lazo violeta en sinal de apoio e compromiso contra a violencia machista.

O 26 de novembro, o alumnado de 3º de Primaria participou no obradoiro A Música na Prehistoria, impartido por Jose Valtierra, no que coñeceron os instrumentos e sons da prehistoria.

O 27 de novembro, o alumnado de 5º de Primaria recibiu unha charla sobre educación cívico-tributaria dentro do programa de formación da Axencia Tributaria.

O 28 de novembro, o alumnado de 4º e 6º de Primaria participou no Cros escolar Xogade, unha competición deportiva organizada pola Xunta de Galicia.

O 29 de novembro, o alumnado de 5º e 6º de Educación Infantil e de 1º, 2º e 3º de Primaria desprazouse a Pontevedra para asistir á feira Culturgal, onde gozaron de diversos obradoiros e espectáculos de teatro adaptados ás súas idades.

Do 2 ao 5 de decembro, o alumnado da ESO visitou a exposición Violencia sexual, infórmate, situada nos corredores do edificio da ESO, co obxectivo de sensibilizar e previr situacións de violencia sexual.

O 20 de decembro celebrouse unha actividade lúdica de despedida do ano, na que participou todo o alumnado do centro, para festexar o remate do primeiro trimestre.

O 20 de xaneiro, o alumnado de 2º, 4º e 6º de Primaria participou nunha nova actividade do programa Camiña con nós, centrada na igualdade e a prevención da violencia de xénero.

O 22 de xaneiro, o alumnado de 3º e 5º de Primaria recibiu unha charla educativa sobre o funcionamento e a importancia do transporte público da cidade de Vigo, a cargo da empresa Vitrasa.

O 19 de febreiro, o alumnado de 5º de Primaria participou nun obradoiro do Proxecto Terra, unha iniciativa para fomentar o coñecemento e respecto polo territorio galego.

O 12 de marzo, o alumnado de 1º de Primaria realizou unha saída á Biblioteca Municipal de Nigrán, onde descubriron o funcionamento desta instalación e participaron en actividades de animación á lectura.

O 20 de marzo, o alumnado de 2º de Primaria participou nunha actividade sobre igualdade e mulleres artistas, centrada na figura de Frida Kahlo.

O 4 de abril, o alumnado de 4º de Primaria visitou o Casco Vello de Vigo, onde coñeceron a historia e elementos patrimoniais da zona histórica da cidade.

O 10 de abril, o alumnado de 5º e 6º de Primaria asistiu a un concerto didáctico organizado pola Escola Municipal de Música de Vigo no auditorio municipal.

O 6 de maio, o alumnado de Educación Infantil, 1º e 2º de Primaria gozou da obra de teatro de monicreques O Monstro das Cores, representada nas instalacións do centro.

O 12 de maio, o alumnado de 3º e 4º de Primaria asistiu a un concerto didáctico organizado pola Escola Municipal de Música de Vigo no auditorio municipal.

O 13 de maio, o alumnado de 5º e 6º de Primaria realizou unha saída organizada por Vigonature, na que coñeceron mellor o medio natural e participaron en actividades ao aire libre.

O 16 de maio celebrouse o Día das Letras Galegas e a tradicional festividade dos Maíos. Todo o alumnado do centro desprazouse ao Bosque da Memoria, onde realizaron actividades conxuntas en homenaxe á lingua e cultura galegas.

O 20 de maio, o alumnado de 1º e 2º de Primaria participou tamén nunha saída de Vigonature, cunha proposta adaptada á súa idade.

O 17 de xuño realizouse a excursión de fin de curso para o alumnado de 5º e 6º de Primaria, que se desprazou a pé ata a zona de Zamáns, onde gozaron dunha xornada de convivencia.

Finalmente, os días 18 e 19 de xuño celebráronse as tradicionais Olimpíadas de fin de curso, unha actividade lúdico-deportiva na que participou todo o alumnado do centro, favorecendo o deporte, o traballo en equipo e a convivencia.

6.2.3. Educación Secundaria Obrigatoria

Durante este curso 24-25 as actividades relacionadas tanto co PDI, Todas as cancións falan de min, como as saídas didácticas e conmemoracións, foron moitas e moi variadas. Realizamos a continuación un breve resumo por orde cronolóxica das actividades desenvolvidas:

O 23 de setembro, o alumnado de 1º e 3º de ESO participou nun obradoiro de iniciación aos bolos celtas que pretendía divulgar o coñecemento e a participación neste deporte tradicional. A actividade foi impartida pola Federación Galega de Bolos Celtas.

O mércores, 25 de setembro, o alumnado de 3º e 4º de ESO asistiu ao obradoiro que leva por título “Cinema e liberdade: igualdade e a prevención da violencia de xénero a través do filme “Tódalas mulleres que coñezo “ de Xiana do Teixeiro. Este filme documental, de 71 minutos de duración, propón preguntas clave para pensar na igualdade de xénero, falando directamente á audiencia en relación á súa experiencia cotiá, de xeito persoal e tamén grupal. Incluindo a estudantes de secundaria na metraxa, a película apela directamente aos públicos novos, que verán e escoitarán a persoas novas nun entorno escolar mostrando diferentes actitudes e opinións. Usando a pantalla como espello, a película facilita a articulación de ideas e actitudes que xa están no grupo pero resultan difíciles de verbalizar. Ademais, ao incluír a mulleres de distintas xeracións e roles no filme, a actividade propón pensar nas violencias de xénero e a súa superación e prevención desde unha perspectiva interxeracional, inclusiva e proactiva.

A actividade foi impartida por Cristina Louzán, facilitadora da actividade ofertada polo Servizo de Igualdade do Concello de Vigo.

O venres, 4 de outubro, celebrouse o Día Mundial dos Animais, con tal motivo, responsables da protectora viguesa Proxecto Gato achegáronse ao colexio para explicar a todo o alumnado o seu labor e a importancia de sensibilizar a sociedade sobre abandono e coidado destes animais.

Proxecto Gato é unha Asociación sen ánimo de lucro fundada no ano 2007 coa fin de controlar e mellorar a calidade de vida dos gatos da rúa, e das persoas que viven preto deles. Para así conseguir unha convivencia en harmonía entre todos, xa que compartimos o mesmo mundo.
<https://www.proyectogato.org/>

A citada asociación solicitou a nosa colaboración aportando produtos que usen a diario para o benestar destes animais.

O 7 e o 11 de outubro, o alumnado de 1º e 2º de ESO participou nun obradoiro práctico sobre o fútbol gaélico. A actividade foi impartida por membros da asociación Xogade.

Na semana do 7 ao 11 de outubro o alumnado de ESO recibiu unha charla informativa sobre resiliencia e seguridade viaria, impartida pola sección de Educación Viaria da Policía Local de Vigo.

O venres, 25 de outubro, o alumnado de 4º de ESO, visitou o Centro de Investigación en Tecnoloxías de Telecomunicación da Universidade de Vigo, atlantTic, para participar na Xornada de Portas Abertas 2024, Conecta con atlantTic, un evento anual de divulgación científica.

No decurso da visita, puideron coñecer de primeira man a Escola de Enxeñaría de Telecomunicacións, ver o traballo que desenvolven os investigadores nas tecnoloxías do futuro e conversar con eles. O alumnado participou en diversos obradoiros, demostracións prácticas sobre os proxectos de saúde dixital, 5G e 6G, nanosatélites, comunicacións ópticas, radar, etc. e nunha visita guiada aos laboratorios de seguimento de satélites, acústica, medidas radioeléctricas, fotónica. . .

O venres, 25 de outubro, o alumnado de 1º de ESO recibiu o seu bautismo de vela e realizou un obradoiro de redes mediante a súa participación na Semana Azul organizada polo Clúster Náutico Ría de Vigo realizado nas instalacións do Real Club Náutico de Vigo.

O venres, 25 de outubro, o alumnado de 2º e 3º de ESO participou nun obradoiro ambiental incluído no Programa de divulgación da problemática das especies de flora exótica invasora. O obradoiro será impartido por membros da asociación medioambiental AMABUL (amabul.org). O programa está financiado pola Consellaría de Medio Ambiente da Xunta de Galicia.

Ademais, durante toda a semana estivo instalada nos corredores do colexio a exposición Unha ameaza chegada dun espazo exterior, como complemento ao obradoiro.

O mércores, 6 de novembro, o alumnado de 1º e 2º de ESO asistiu a un obradoiro que leva por título Iniciación segura á pegada dixital e ás redes sociais, impartido por Manuel Rivas, integrante da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega), da Xunta de Galicia. Os obxectivos son: Reforzar a competencia básica do alumnado na xestión segura dos seus perfís nas redes sociais. explicar a identidade dixital e a importancia da pegada dixital, afondar na configuración das opcións de seguridade e privacidade das redes sociais máis actuais entre nenos e nenas e ofrecer aos e ás menores ferramentas e recursos aos que poder acudir cando teñan algunha dúbida sobre o uso seguro da tecnoloxía.

No mes de novembro, e por segundo ano consecutivo, o alumnado de 3º de ESO participou no programa YAM (Youth Aware of Mental Health), un programa que busca promover o benestar mental na xuventude. Os estudantes participan en actividades deseñadas para fomentar a saúde mental, desenvolver estratexias de afrontamento fronte aos desafíos emocionais e aumentar a conciencia sobre a importancia de coidar o seu benestar psicolóxico. YAM baséase na participación activa do alumnado mediante discusións, xogos de roles e aprendizaxe práctico, o que lles permite adquirir ferramentas útiles para o seu día a día. Este programa axuda ao noso alumnado a coñecer mellor as súas emocións, manexar o estrés e fortalecer a súa resiliencia, tanto na escola como na súa vida persoal.

O 15 de novembro, o alumnado de 3º e 4º de ESO asistiu a dúas charlas-obradoiro que levaban por título Violentómetro e 10 formas de violencia de xenero dixital. Os seus obxectivos son detectar e descubrir as distintas manifestacións de violencia contra a muller (violencia machista ou violencia de xénero) e previr e concienciar á mocidade sobre a violencia de xénero.

Ambos os dous obradoiros están enmarcados no programa EnlazaVigo e organizados polo Consello Municipal da Muller do Concello de Vigo dentro dos actos de conmemoración do Día Internacional da Eliminación da Violencia contra a Muller.

Co mesmo motivo, ao redor da semana do 25N o colexio organizará diversas actividades e instalará, nos corredores, unha exposición aberta a toda a comunidade educativa. Ademais, e en representación da escola, o alumnado de 3º e 4º de ESO desprazouse ao Pazo de Congresos Mar de Vigo para participar nos actos centrais do 25N organizados polo Concello.

O venres, 22 de novembro, o alumnado de 2º de ESO realizou unha visita pedagóxica á Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía. Nela participou en dous obradoiros que levan por título: Física Re-creativa e Materiais.

O día 25 de novembro, o alumnado de 3º e 4º de ESO desprazouse ata o Pazo de Congresos Mar de Vigo para participar nos actos centrais en conmemoración do Día Internacional da Eliminación da Violencia contra a Muller organizados polo Consello Municipal da Muller do Concello de Vigo, dentro do programa EnlazaVigo.

O mércores, 27 de novembro, o alumnado de 4º de ESO asistiu a unha charla-obradoiro sobre a facenda pública. Nesta actividade coñeceron que é un imposto, por que se recadan impostos e para que se utilizan. A actividade será dirixida por Carlos Álvarez Coleiro, membros do Corpo Técnico da Axencia Tributaria.

Entre o 15 e o 18 de decembro, o alumnado de 4º de ESO respondeu á solicitude de colaboración do proxecto para a recollida de léxico galego-castelán nos centos de ensino de Secundaria coordinado polo Instituto da Lingua Galega e a Real Academia da Lingua e en colaboración coa Coordinadora de EDLG.

A principios de xaneiro, o alumnado de 1º e 2º de ESO recibiu unhas charlas formativas sobre Bullying e Prevención, organizada pola Xunta de Galicia.

A principios de xaneiro, o alumnado de 3º e 4º de ESO recibiu unhas charlas formativas sobre Substancias con e sen adicción, organizada pola Xunta de Galicia.

O 21 de xaneiro, o alumnado de 3º e 4º de ESO recibiu unha charla informativa sobre computación na nube, os grandes centros de datos onde se almacena a información que proporcionamos e da súa seguridade. Ademais, tratou sobre como este paradigma, conxugado coa computación en dispositivos pequenos, é axeitado para solucións de intelixencia artificial, como no vehículo autónomo, por exemplo. A charla foi impartida por Rebeca P. Díaz Redondo, catedrática adscrita ao Departamento de Enxeñaría Telemática da Escola de Enxeñaría de Telecomunicación da Universidade de Vigo.

O venres, 7 de febreiro, o alumnado de 2º e 3º de ESO realizou unha saída pedagóxica á cidade de Compostela. Amais de visitar a cidade, asistiu a un concerto interpretado pola Real Filharmonía de Galicia titulado Preguntas sen resposta? e visitou o Museo do Pobo Galego, onde realizou unha actividade didáctica.,

O luns, 10 de febreiro, o alumnado de 3º e 4º de ESO desprazouse ao auditorio do Concello para asistir ao espectáculo de danza "Emovere", posto en escea pola compañía Combai da Fundación Igualarte, espazo activo onde as persoas con diversidade funcional e alumnado con necesidades educativas especiais poden expresarse de xeito integral e creativo, normalizando unha educación artística que mellora a igualdade de oportunidades, a súa calidade de vida e o seu desenvolvemento persoal en todos os ámbitos. ""Emovere"" é unha experiencia de inclusión que pretende que poidamos sentirnos máis empáticos e tolerantes. Tenta poñer o foco nas emocións: cómo nos afectan, nos mobilizan, nos guían e nos arrastran. Trátase dunha viaxe a través da comprensión e a xestión da alegría, a tristura, a ira, o amor, a soidade, o medo ou a tranquilidade.

O mércores, 12 de febreiro e dentro da Semana da Ciencia do colexio, o alumnado de 3º e 4º de ESO recibiu unha charla informativa relacionada co mundo da tecnoloxía: as ondas electromagnéticas están presentes en moitos aspectos da vida cotiá, desde a luz que vemos de día aos sinais de datos nos que se transmite toda a información dixital. Esta charla tratou sobre os principios intuitivos da combinación coherente das ondas a través dunhas cantas argalladas: viron como se pode fabricar unha antena de wifi empregando unha lata de Nesquick, entenderon por que os encamiñadores wifi de «nova xeración» teñen máis antenas cós dos seus curmáns máis antigos, e recordaron a famosa foto dun buraco negro acadada polo equipo Event Horizon Telescope Collaboration, no que os mesmos principios foron aplicados para crear un telescopio co tamaño do noso planeta enteiro. A charla foi impartida polo Doutor Felipe Gómez Cuba, investigador posdoutoral adscrito ao Departamento de Teoría do Sinal e Comunicacions da Escola de Enxeñaría de Telecomunicación da Universidade de Vigo.

O mesmo día, o alumnado de 3º e 4º de ESO recibiu unha charla informativa relacionada co mundo da tecnoloxía. En concreto, sobre o funcionamento da Internet. A charla foi impartida por Daniel Rodríguez e Diego Diarte, especialistas da empresa internacional do sector das telecomunicacións Optare Solutions.

O día 17 de febreiro, o alumnado de 3º e 4º de ESO recibiu a visita de varios/as ex-parlamentarios/as que impartiron unha charla-coloquio sobre o Parlamento de Galicia e que tivo por obxectivo espallar os valores da democracia entre a xente moza. A persoas encargadas de explicar polo miúdo o traballo que se desenvolve no Parlamento foron exdeputadas que no seu día pertenceron a grupos de distinto signo político. A actividade está organizada polo colexio en colaboración coa Asociación de Ex-Parlamentarios/as galegos/as.

O 19 de febreiro, o alumnado de 1º de ESO participou no Proxecto Terra. Nas instalacións do colexio desenvolveuse unha actividade que consistiu nun traballo na aula coas rapazas e rapaces, realizando una aprendizaxe lúdico-educativa. Levarouse a cabo una actividade expositiva da materia relacionada coa paisaxe e o territorio e do traballo que a Xunta, a través da Axencia para a Protección da Legalidade Urbanística. Abordouse o coñecemento do seu entorno próximo, da evolución histórica

do mesmo e dos axentes e factores que regulan o uso do solo. Tamén se abriu unha quenda de debate en relación ás imaxes de actuacións propostas para concluír cunha reflexión sobre o que cada quen pode facer para coidar o territorio. Así mesmo, desenvolverase unha actividade manipulativa e de traballo en equipo.

O xoves, 20 de febreiro, o alumnado de 4º de ESO realizou unha visita pedagóxica á sede do Xulgado de Instrución nº 4 de Vigo. Esta actividade está organizada polo Consello Xeral do Poder Xudicial e enmárcase dentro do programa ""Educar en Xustiza"" (https://www.poderjudicial.es/portal/site/cgpi/menuitem.87fc234e64fd592b3305d5a7dc432ea0/?vgnextoid=2edd15bdc8fbb210VgnVCM100000cb34e20aRCRD&vgnnextfmt=default&vgnnextlocale=gl&lang_chosen=gl). Nela, o alumnado asistiu a varios xuízos e tivo a posibilidade de manter unha conversa coa maxistrada encargada da sala, que lles deu unha breve explicación sobre o funcionamento da Xustiza.

O día 25 de febreiro e ao longo de dúas sesións máis que tiveron lugar no mes de marzo, o alumnado de 1º de ESO participou en diversos obradoiros de regueifas e un posterior certame no auditorio do CVC de Valadares organizados porla Concellaría de Normalización Lingüística, a través do Servizo de Normalización Lingüística do Concello de Vigo. Estes obradoiros teñen a intención de ser unha porta á nosa tradición e cultura oral, obxecto de celebración hogano con motivo do Día das Letras Galegas, pero tamén queren responder á necesidade de coñecer a rima, o ritmo, a métrica... a poesía, en definitiva."

O día 14 de marzo, o alumnado de ESO desprazouse ao Verbum para asistir á Feira da Educación das Ensinanzas Artísticas e Profesionais de Vigo. Trátase dunha feira enfocada a todos os niveis educativos, ciclos medios e superiores, formación técnica e universidades, con presenza de especialidades como moda, administración, deseño gráfico, deseño de interiores, idiomas, imaxe e son, actividades físicas e deportivas, xemoloxía, traballo social, dereito, xoiaría, interiorismo, enxeñaría enerxética, esgrima, música, educación infantil e historia da arte, entre outras. En definitiva, máis de 30 títulos universitarios, máis de 600 cursos de formación permanente, 79 mestrados, 13 microgrados, máis de 30 ciclos formativos e outras formacións técnicas que estarán presentes nesta edición.

O mércores, 26 de marzo, o alumnado de 1º de ESO participou na XIV edición do Certame de Regueifas Escolar do Concello de Vigo no auditorio do Centro Veciñal e Cultural de Valladares, xunto con outros 500 alumnos e alumnas de ensino secundaria de 11 centros de Vigo. Alí demostraron o aprendido nos obradoiros nos que participaron ao longo dos meses anteriores.

O xoves, 3 de abril, o alumnado de 1º de ESO realizou unha saída pedagóxica á fortaleza do Castro de Vigo e os seus túneles. Guiada por técnicos especialistas do Concello, nesta visita achegáronse a unha parte importante da historia da cidade e do seu complexo defensivo, moitas veces ignorada.

O día 7 de maio, o alumnado de 3º e 4º de ESO participou no programa "Que non te lían, ti elixes", que busca fomentar, desde as aulas, unha orientación profesional libre de estereotipos de xénero así como a igualdade de oportunidades entre homes e mulleres e o fomento da coeducación. A charla-obradoiro foi impartida por José Ángel Lorenzo, secretario xeral do Clúster do granito e Andrea Argibay, Administrativa do Clúster.

O xoves, 22 de maio, o alumnado de 1º e 3º de ESO realizou unha saída pedagóxica á Casa das Artes para participar na visita-obradoiro sobre a exposición “Non fun” da artista Pilar Alonso. A actividade, baseada na aprendizaxe participativa e colaborativa, atravesa, en relación coa obra da artista, catro fases diferentes (sentir, compartir, afondar e crear) e remata coa plasmación visual, física ou dixital, da obra creada polo alumnado. O obradoiro estivo dirixido por persoal técnico do Concello de Vigo.

O xoves, 12 de xuño, todo o alumnado do colexio participou no programa Galicia sabe a mar, organizado pola Xunta de Galicia e impartido pola empresa Chicolino, que inclúe unha pequena charla sobre a importancia de consumir produtos do mar e tamén unha degustación de produtos mariños.

O martes, 17 de maio, o alumnado de 3º de ESO realizou unha saída a Cangas e Moaña. Con motivo da proximidade da fin de curso, desfrutou dunha xornada de convivencia e lecer e mesmo participou nunha actividade de caiac.

6.3. Participación en Concursos e Certames

Liga Escolar Xogade (Xunta de Galicia). Baloncesto.

Convivencia intercentros de voleybol, bádminton e cross escolar (Xogade).

Marcha ata Chandebrito celebrouse o 10 de maio.

Depoemprende.

Regueifas 1ºESO

Participación no Reto Naturaliza: o alumnado de 4º ESO participou levando a cabo actividades coa guía didáctica da páxina web Naturaliza e subiron experiencias da escola á web e gañaron un lote de produtos didácticos para a escola. Así mesmo, responsables do programa Naturaliza asistiron á escola para dar unha clase ao aire libre cos distintos grupos de educación infantil.

Faro escola 9ª edición: Accésit especial “Esqueletos con humor” e Segundo premio “Mellor xornal”.

6.4. Festas, Conmemoracións e Celebracións

Durante este curso 2024-2025 as actividades, tanto relacionadas co PDI, Todas as cancións falan de min, como celebracións e conmemoracións, foron moitas e moi variadas. Realizamos a continuación un breve resumo por orde cronolóxico das actividades desenvolvidas:

O día 24 de outubro presentamos o PDI (Proxecto Documental Integrado) “Todas as cancións falan de min”. Este proxecto parte da biblioteca escolar e involucra a todos os niveis educativos e departamentos das diversas materias, sendo obxecto de estudo e investigación a música de diversa índole: os sons da natureza, a música tradicional, as cantigas de berce, as cancións de roda, as agrupacións musicais de cantareiras e pandeireteiras, os ritmos musicais, os ditos e recitados, a poesía cantada así como coñecer o labor das persoas que se dedican á súa elaboración, a cantar, a danzar e

tocar así como analizar obras musicais e coñecer a evolución da música ao longo da historia e tamén experimentar como nos sentimos cando a música nos acompaña.

O día 30 de outubro tivo lugar a celebración do Samaín/Halloween na escola. O alumnado, caracterizado para a ocasión, participou en talleres temáticos compartidos co resto do alumnado do centro. Obradoiro de máscaras, obradoiros sensoriais, obradoiro de percusión, etc. Ademais, foron convidados a participar na exposición de calacús que debían preparar na casa coa colaboración das familias.

O día 8 de novembro celebramos a festa do Magosto no monte dos Pozos. Como todos os anos observamos os cambios que se producen na flora propios da estación outonal, centrándonos na identificación das árbores, follas e cogomelos. Léronse contos, refráns, adiviñas e lendas relacionados coa tradición do magosto, as castañas e o outono e organizáronse xogos tradicionais que acompañamos duns bocatas de chourizo asado, mazás e cornetes de castañas que, como xa é tradicional, o alumnado de 4º de Educación Secundaria se encargou de preparar e repartir.

O día 25 de novembro conmemoramos o Día da Eliminación da Violencia contra a Muller. Como vén sendo habitual, no colexio pensamos que é unha data significativa e por iso organizamos unha serie de actividades. Ao redor desa data o alumnado visitou a exposición situada nos corredores do edificio de Secundaria cedida pola Oficina da Muller do Concello de Vigo. O profesorado proxectou nas aulas a canción Chea de vida, (outra versión subtitulada en galego) que aprenderon para cantala todas/os xuntas formado un círculo o día 25. Así mesmo, ese día toda a comunidade educativa, alumnado e profesorado) viu vestida de negro para simbolizar a dor polas mulleres mortas debido á violencia de xénero. Ese mesmo día, colocamos un cesto con retallos violetas para que as familias que o desexaran puideran colgar dito retallo nas entradas da escola.

O día 3 de decembro, con motivo da celebración do Día Internacional das Persoas con Discapacidade, cantamos a canción Chea de Vida, pero esta vez interpretada en Lingua de signos. A continuación, xuntámonos para realizar o apadriñamento lector no que o alumnado maior converteuse en padriño ou madriña do pequeno léndolles un conto.

O día 20 de decembro, celebramos a festa de fin de ano. Organizáronse obradoiros relacionados co PDI, Todas as cancións falan de min, polos que circulou libremente o alumnado. Algúns deses obradoiros foron: Karaoke, postais nadal, laboratorio musical (Neste obradoiro elaboraránse crócalos e paus de chuvia), makey makey, baila!, contacontos, baile libre, toma chocolate!... Así mesmo, o día da festa cantáronse panxoliñas, déronse as badaladas de fin de ano e acabamos bailando todos xuntos. Ademais, o trasno do bosque encargouse de recoller as cartas cos desexos dos máis pequenos.

O 30 de xaneiro, celebramos o Día da Paz. Xuntámonos na pista de brile e o alumnado de 4º de Educación Primaria representou a canción titulada “Só tres letras”, adaptación da poesía de Gloria Fuertes cunha coreografía de percusión con claves. A continuación tivo lugar o segundo apadriñamento lector do curso.

O 24 de febreiro, celebramos o Día de Rosalía de Castro. Á primeira hora da mañá, en todas as aulas, o profesorado leu ao alumnado algún poema ou fragmento dalgún poema de Rosalía de Castro; así

mesmo, o profesorado de L. Galega comentou na clase algúns aspectos relevantes sobre a vida e a obra da escritora padronesa.

Ao longo da semana do 11 ao 19 de febreiro, tivo lugar a celebración da Semana da Ciencia. Para dita semana, organizamos distintos obradoiros polos que o alumnado circulaba libremente. Entre os obradoiros estaban: Os sons da natureza (Identificación de diversos sons da natureza), Pódese ver o son? (Experimentos co son), Unha copa baleira? (Experimentos con copas e cubertos), Fabricamos (Obradoiro de telefonía fixa), Adiviña quen vai cantar hoxe (O alumnado tentaba adiviñar a que membro do profesorado correspondía a voz cantante), Makey-makey (Creamos un teclado con papel de aluminio), Xogo do silencio (Experimentos con campás), Bingo Musical (Identificamos e coñecemos o instrumento que soa). Ademais, ao longo desta semana tivemos outras actividades: para o ciclo de EI, un obradoiro de teatro por parte do equipo de Proxecto Terra (proxecto do Colexio de Arquitectos de Galicia), e charlas sobre ciencia para o alumnado de Primaria e Secundaria.

O 27 de febreiro o alumnado do ciclo de EI e mais EP, participou do tradicional “Xoves de Entroido”. Para este día elaborou, con diverso material de refugallo, complementos de disfraces relacionados cos distintos estilos musicais: pop, rock, flamenco..., achegándoo á temática do PDI.

O 28 de febreiro tivo lugar o tradicional “Venres de Entroido”, no que o alumnado viu disfrazado da casa cun disface libre e o profesorado sorprendeu ao alumnado caracterizado de cantantes famosos, entre eles estaba: Freddy Mercuri, Amy Winehouse, Lady Gaga... Ao longo da semana traballáronse nas aulas contidos relacionados coa festividade. O meco fixo, como en anos anteriores, os seus mandadiños para todos os días da semana previos á festa. A queima do meco estivo amenizada por un folián a cargo do alumnado de 4ºEP.

O 8 de marzo, celebramos o Día Internacional da Muller. Nas aulas desenvolvéronse diversas actividades de concienciación dos problemas que aínda dificultan acadar a igualdade entre homes e mulleres. Aproveitando que o PDI deste ano está relacionado coa música, puidemos comprobar que hai cancións que falan da igualdade entre homes e mulleres e moitas reivindicán que isto non ocorre. Aproveitando a data, informouse ao alumnado de que dispoñemos dun Punto Lila no edificio da ESO e os motivos polos que existe.

O 21 de marzo, Día da Poesía. Propúxose nas aulas que o alumnado escollese un poema de calquera autor ou autora e realizou unha adaptación para convertelo nunha canción.

Ao longo da primeira semana de abril, celebramos a Semana de Andersen, achegamos a figura de Andersen ao alumnado, investigamos sobre a súa vida e obra e léronse contos do escritor. Como acto central, o martes 1 de abril, fixemos unha tarde de portas abertas ás familias para que coñeceran os obradoiros que se imparten no colexio ao longo do curso: cociña, hábitat, radio, etc.

Ao redor do 21 de abril, Día do Libro, e relacionando o PDI “Todas as cancións falan de mín”, enlazamos os libros e a música, elaborando libros musicais. O obxectivo foi transformar un conto nun recurso non só narrativo senón nunha historia que invita á interpretación e á dramatización no que se incluíron elementos que imitan sons que dean como resultado un produto sonoro persoal.

Ao longo da semana do 12 ao 16 de maio, e con motivo do Día das Letras Galegas, este ano dedicado á poesía popular oral, personificado a Adolfinia e Rosa Casás Rama, de Cerceda, Eva

Castiñeira Santos, de Muxía, e Manuela Lema, Teresa García Prieto e Prudencia e Asunción Garrido Ameixenda, o profesorado de L. Galega salientou a importancia destas mulleres, e outras que as seguen imitando, para a pervivencia da literatura oral.

O 16 de maio realizáronse os tradicionais Xogos Florais. Despois dun proceso de selección previo, o xurado outorgou un premio por curso. O mesmo día celebrouse no monte de a festa dos maios. Desprazámos camiñando ata Os Pulmóns de Chandebrito. Amais de convidar ao alumnado a asistir engalanado con flores, realizamos diferentes actividades: Danza das fitas e das claves, pequeno concerto de música tradicional de dous alumnos da escola, actuación do alumnado de 3º de ESO que interpretou dúas adaptacións de pezas do repertorio das Pandeireteiras de Mens, elaboración do maio conxunto (para o que se solicitou a colaboración das familias aportando flores silvestres, fiúncho, casca de ovos, pel de laranxas..., interpretación do Himno Galego e da cantiga dos maios e lectura dos poemas ganadores dos Xogos Florais.

Durante os días 18 e 19 de xuño celebráronse as XIV Olimpíadas do colexio Andersen, que comprenderon unha numerosa e variada oferta deportiva na que participou todo o alumnado do colexio. Por espazo de dous días, organizáronse diferentes competicións deportivas que tiveron lugar nos patios da escola e no estadio de Valadares, xenerosamente cedido polos seus responsables para a ocasión. O xoves 19 e como remate das Olimpíadas, todo o alumnado gozou dun xeadó.

O día 20 de xuño, tivo lugar a Andersenfest, como todos os anos en colaboración coa AFA. Argalláronse diversos espazos lúdicos e creativos para deleite do alumnado e das familias que gozaron participando en xogos de auga, creación de pezas de cerámica, en pintura creativa, en xogos tradicionais... Tamén gozamos co festival de actuacións por parte do alumnado do colexio.

6.5. Guía de Libros

Un ano máis, como vén sendo habitual, o Equipo de Dinamización da Biblioteca deseñou a guía de libros con formato de almanaque, que se entregou ás familias como agasallo de Nadal. Igual que en cursos anteriores, decidiuse integralo dentro do PDI, este ano titulado Darlle a volta ao mundo. Elaborouse unha selección de libros clasificados por idades relacionados cos mapas, atlas de diversas temáticas e viaxes; esta selección acompañada de ilustracións, fotos e citas alusivas foron a base do almanaque.

6.6. Calendario de Reunións

Organizadas polo equipo de coordinación de Ciclo e a dirección, supoñen un punto esencial na organización escolar. Ademais das conxuntas para celebrar claustros e preparar festas e acontecementos que implican a toda a Escola, as reunións veñen determinadas segundo as necesidades de traballo habitual no desenvolvemento das aprendizaxes, así como o diagnóstico e procura de solucións a problemas que poidan ir aparecendo ó longo do curso. Celebradas os martes, poderíamos agrupalas en:

Reunións por ciclos, Educación Infantil; Educación Primaria; Educación Secundaria.

Nestas reunións trátanse tódolos temas propios de cada ciclo, desde postas en común, tratamento das titorías, estratexias a seguir, problemas que xorden e como afrontalos,.... ata as reunións de preavaliación e avaliación.

Reunións por nivel, tratando as dificultades, estratexias para resolvelas,... que se dan nun curso ou nivel determinados.

Reunións por departamentos, para tratar asuntos propios dunha materia, como programas de lectura, introdución de novos conceptos nunha área determinada. Destacan neste curso a revisión do Plan Lector e a creación das páxinas dos distintos departamentos na Aula Dixital do Centro.

Reunión do Comisión de Coordinación Pedagóxica, constituída polo director e o xefe de estudos, os coordinadores, xefes de departamentos e o EOEP. Entre as súas funcións destacan asegurar a coherencia entre o proxecto educativo do centro, os proxectos curriculares de etapa e a programación xeral anual, establecer as directrices xerais para a elaboración das programacións didácticas dos equipos de ciclo e do plan de acción titorial, elevar propostas ao claustro a fin de establecer os criterios para a elaboración dos proxectos curriculares, entre outras.

Departamento Equipo de Orientación Educativa e Psicopedagóxica, constituído pola psicóloga, especialistas de pedagogía terapéutica e de audición e linguaxe e orientadora.

Desde o departamento intervénse nas reunións de avaliación, aparición de dificultades (nos niveis que sexan), busca de estratexias para vencelas, tratamento das titorías, orientación na Secundaria, e similares.

Reunión de delegados:

Reunións de Dirección cos representantes dos diferentes cursos de ESO. Reunión trimestral na que estes presentan á Dirección as súas demandas.

Reunións de Dirección cos representantes dos diferentes cursos de Educación Primaria, a partires de 2º curso, intercambiándose opinións, suxestións... sobre o funcionamento do Centro.

Consello da infancia:

O Consello da Infancia é un grupo de nenos e nenas que propoñen ideas e axudan a mellorar a escola e o seu contorno. A súa voz é escoitada e participan en decisións importantes para toda a comunidade educativa.

Este curso fixemos dous Consellos da Infancia. No primeiro falamos sobre as normas do centro, dando ideas para mellorar a convivencia. No segundo, compartimos como queremos que sexa o patio, facendo propostas para que sexa máis divertido e inclusivo.

REUNIÓN E CONMEMORACIÓN 2024-2025



Cada vida ten unha banda sonora. Hai una melodía que me fai pensar no verán que pasei frotando aceite para bebés no meu estómago na procura do bronceado perfecto. Hai outro que me lembra acompañar a meu pai os domingos pola mañana para recoller a New York Times. Hai unha canción que me lembra ter usado unha identificación falsa para entrar nun club nocturno; e unha que me lembra os doces dezaseis da miña curmá Isabel, onde toquei Sete minutos no Céo cun neno a quen o alento ulía a sopa de tomate.
Se mo preguntas, a música é a linguaxe da memoria.

Jodi Picoult

Departamentos responsables da organización das seguintes celebracións:

- Equipo da Biblioteca: Presentación do PDI (24 de outubro)
- Departamento Linguas Estranxeiras: Samain/Halloween (30 de outubro).
- Equipo de Coordinación: Magosto (08 de novembro)
- Departamento de Lingua Castelá e Galega: Festa de Fin de ano (20 de decembro).
- Departamento de Coordinación: Día da non Violencia e da Paz (30 de xaneiro).
- Departamento de Ciencias: Semana da Ciencia (Do 10 ao 14 de febreiro).
- Departamento de Educación Artística: Entroido (28 de febreiro).
- Departamento Orientación: Día Internacional da Muller (7 de marzo).
- Equipo de Coordinación e Biblioteca: Semana Andersen (Do 1 ao 4 de abril).
- Departamento de Matemáticas e Tecnoloxía: Día das Letras Galegas / Maio (16 de maio).
- Equipo de Coordinación: Fin de curso (20 de xuño).

Cada departamento remitirá a coordinación@colexioandersen.es un documento coa organización detallada da actividade cun mes de antelación. Para iso, os membros do departamento deberán reunirse con anterioridade, nunha data que consensuarán e convocados polo seu coordinador/a, coa fin de planificar as actividades da celebración correspondente.

O Equipo de Coordinación encargarse da distribución do profesorado no día da celebración e de conseguir os materiais necesarios solicitados polo departamento.

*A seguir e entre parénteses, ao lado de cada mes, o número de xornadas lectivas.

SETEMBRO (14)*					
DÍA	AVALIACIÓNS	REUNIÓN	CELEBRACIÓN	OUTROS	
1 Dom					
2 Lun		Com. de Coordinación Pedagóxica Equipo de ECEP Equipo de Dinamización da L. Galega Equipo de Dinamización da Biblioteca Reunión de Etapa: EI, EP, ESO Equipo ANEAE: EI, EP, ESO Dpto. Artístico LCHV			
3 Mar					
4 Mar					
5 Mar		18:30 Reunión coas familias: EI Dpto. Ciencias Dpto. Linguas Estranxeiras Dpto. Lingua Galega e Castelá Dpto. Matemáticas e Tecnoloxía			
6 Ven					
7 Sab					
8 Lun		12:00 Reunión coas familias/alumnado de EI (excepto 2º EP) Claseiro / Reunión de colaboradores/as biblioteca			
9 Mar					
10 Mar					
11 Mar					
12 Mar					
13 Mar					
14-15 Mar					
16 Mar					
17 Mar					
18 Mar					
19 Mar					
20 Mar					
21-22 Mar					
23 Lun		18:30-19:30 Reunión coas familias de 2º e 6º EP (excepto 2º EP)			
24 Mar		18:30-19:30 Reunión coas familias de ESO.			
25 Mar					
26 Mar					
27 Mar					
28-29 Mar					
30 Lun					

OUTUBRO (22)						
DÍA	AVALIACIÓNS		REUNIÓN		CELEBRACIÓNS	OUTROS
1	Mar		18:30-19:30	Reunións coas familias 3ºEP Dpto. de Lingüas estranxeiras Claustro extraordinario para a aprobación de varios documentos		
2	Mér		Recreo			
3	Xov					
4	Ven					
5-6						
7	Lun					
8	Mar					
9	Mér					
10	Xov					
11	Ven					
12-13						
14	Lun					
15	Mar		18:45-19:45	Reunión de etapa de EP (baldos)		
16	Mér					
17	Xov					
18	Ven	Data límite das avaliacións iniciais				
19-20						
21	Lun					
22	Mar		TARDE LIBRE			TARDE LIBRE
23	Mér					
24	Xov				11:30-12:45	Día da biblioteca. Presentación do PDI
25	Ven	Entrega ás titaras das notas de 1º de trim. 5º e 6º EP / ESO				
26-27						
28	Lun					
29	Mar		17:45-19:45	Reunión ANEAE de 3º a 6º EP / ESO		
30	Mér	Información ás familias das notas de 1º trim. 5º e 6º EP / ESO			Somolín/Halloween	
31	Xov			Día do Ensino		

NOVEMBRO (20)						
DÍA	AVALIACIÓNS		REUNIÓN		CELEBRACIÓNS	OUTROS
1	Ven			Santos		
2-3						
4	Lun					
5	Mar		17:45-19:45	Reunión ANEAE EI / 1º, 2º EP		
6	Mér					
7	Xov					
8	Ven				Mogosto	
9-10						
11	Lun					
12	Mar		17:45-18:25 18:25-19:05 19:05-19:45	- Dptos. Matemáticas e Tec. / EDUG / Orientación - Dpto. L. Estranxeira / Artística - Dptos. Ciencias / L. Galego e L. Castelán		
13	Mér					
14	Xov					
15	Ven					
16-17						
18	Lun					
19	Mar					
20	Mér					Día Universal da Infancia
21	Xov					
22	Ven				Día da Música	
23-24						
25	Lun					Día Internacional contra a Violencia de Xénero
26	Mar	16:45-18:45	Reunión de avaliación EI	18:45-19:45	Claustro	
27	Mér					
28	Xov					
29	Ven					
30	Sab					

DECEMBRO (14)							
DÍA	AVALIACIÓNS		REUNIÓN		CELEBRACIÓNS		OUTROS
1	Dom.						
2	Lun.						Semana de conmemoración da Constitución e do Estatuto de autonomía de Galicia
3	Már.						Día Internacional das persoas con discapacidade
4	Mér.						
5	Xov.						
6	Ven.			Día da Constitución			
7-8							
9	Lun.						
10	Már.	17:45-19:45	Reunión de avaliación EP				Día da Declaración Universal dos Dereitos Humanos
11	Mér.						
12	Xov.						
13	Ven.						
14-15							
16	Lun.						
17	Már.	17:45-19:45	Reunión de avaliación ESO				
18	Mér.						
19	Xov.						
20	Ven.		Entrega de notas ao alumnado.		Festa de Fin de Ano		
21	Sáb.						
22	Dom.						
23	Lun.						
24	Már.						
25	Mér.						
26	Xov.			Nadal			
27	Ven.						
28	Sáb.						
29	Dom.						
30	Lun.						
31	Már.						

XANEIRO (18)							
DÍA	AVALIACIÓNS		REUNIÓN		CELEBRACIÓNS		OUTROS
1	Már.						
2	Xov.						
3	Ven.						
4	Sáb.			Nadal			
5	Dom.						
6	Lun.						
7	Már.						
8	Mér.						
9	Xov.						
10	Ven.						
11-12							
13	Lun.						
14	Már.		18:45-19:45	Reunión da Comisión de Coordinación Pedagóxica			
15	Mér.						
16	Xov.						
17	Ven.						
18-19							
20	Lun.						
21	Már.		17:45-18:25 18:25-19:05 19:05-19:45	- Dptos. Matemáticas e Tec. / EDUG / Orientación - Dpto. L. Estranxeiro/ Artístico - Dptos. Ciencias / L. Galego e L. Castelá			
22	Mér.						
23	Xov.						
24	Ven.						Día Internacional da Educación
25-26							
27	Lun.						
28	Már.		17:45-19:45	Reunión ANEAE 3º, 4º, 5º, 6º EP / ESO			
29	Mér.						
30	Xov.						Día Escolar da non Violencia e da Paz
31	Ven.						

FEBREIRO (20)						
DÍA	AVALIACIÓNS		REUNIÓN		CELEBRACIÓNS	OUTROS
1-2						
3	Lun.					
4	Mar.		17.45-19.45	Reunión ANEAE EI / 1º e 2º EP		
5	Mér.					
6	Xov.					
7	Ven.					
8-9						
10	Lun.	Entrega das titulas das notas de 1º de trim. 5º e 6º EP e ESO			Semana da Ciencia	
11	Mar.		18.45-19.45	Claustro	Semana da Ciencia	
12	Mér.				Semana da Ciencia	
13	Xov.				Semana da Ciencia	
14	Ven.	Información das familias das notas de 1º trim. 5º e 6º EP e ESO			Semana da Ciencia	
15-16						
17	Lun.					
18	Mar.		17.45-18.45 18.45-19.45	Reunión de etapa: EI/ESO Reunión de etapa: EP		
19	Mér.					
20	Xov.					
21	Ven.				Día de Rosalía	
22-23						Día de Rosalía
24	Lun.					
25	Mar.					
26	Mér.					
27	Xov.				12.00-14.30 Xoves de Entroido EI + EP	
28	Ven.				9.15-14.45 Venres de entroido	

MARZO (17)						
DÍA	AVALIACIÓNS		REUNIÓN		CELEBRACIÓNS	OUTROS
1-2	Sáb.					
3	Lun.					
4	Mar.			Entroido		
5	Mér.					
6	Xov.					
7	Ven.					
8-9						Día Internacional da Mula
10	Lun.					Semana da Prensa
11	Mar.					Semana da Prensa
12	Mér.					Semana da Prensa
13	Xov.					Semana da Prensa
14	Ven.					Semana da Prensa
15-16						Día do Consumidor
17	Lun.					
18	Mar.	17.45-19.45 Reunión de avaliación de EP				
19	Mér.					
20	Xov.					
21	Ven.					Día da poesía
22-23						
24	Lun.					
25	Mar.	17.45-19.45 Reunión de avaliación de EI / ESO				
26	Mér.					
27	Xov.					
28	Ven.					
29-30						

ABRIL (16)						
DÍA	AVALIACIÓNS		REUNIÓN		CELEBRACIÓNS	OUTROS
1	Mar	Do 1 ao 10: Avaliación de diagnóstico			Semana Andersen. Presentación dos obradoiros ás familias.	Día dos enganados Día das Artes Galegas Día Internacional do Libro Infantil de Xuvénil, Aniversario de H. C. Andersen.
2	Mér				Semana Andersen	
3	Xov				Semana Andersen	
4	Ven	Entrega de notas ao alumnado.			Semana Andersen	
7	Lun					Día Mundial da Saúde
8	Mar		TARDE LIBRE			TARDE LIBRE
9	Mér				Día da Rosa (Igualdade e non discriminación das persoas con diversidade sexual e de xénero)	
10	Xov					Día da Rosa
11	Ven					
12	Sáb					
13						
14						
15						
16						
17						
18						
19						
20						
21						
22	Mar		17:45-19:45	Reunión ANEAE de 3º a 6º EP / ESO		Semana do Libro
23	Mér					Semana do Libro / Día do libro
24	Xov					Semana do Libro
25	Ven					Semana do Libro
28	Lun	Avaliación de diagnóstico 4º EP e 2º ESO				
29	Mar	Avaliación de diagnóstico 4º EP e 2º ESO	17:45-18:25 18:25-19:05 19:05-19:45	- Dpto. L. Estranxeira / Artístico / Equipo de Din. do Lingua Galega - Dptos. Matemáticas e Tec. / Orientación - Dptos. Ciencias / L. Galega e L. Castelá		
30	Mér	Avaliación de diagnóstico				

MAIO (21)						
DÍA	AVALIACIÓNS		REUNIÓN		CELEBRACIÓNS	OUTROS
1	Xov				Día dos traballadores/as	
2	Ven				Non lectivo (centro)	Día Internacional contra o Acoso Escolar
3-4						
5	Lun					
6	Mar		17:45-19:45	Reunión ANEAE EI / 1º e 2º EP		
7	Mér					
8	Xov					
9	Ven					Día de Europa
12	Lun					Semana das Letras Galegas
13	Mar	17:45-18:45 Reunión previsión ordinaria 2º, 4º e 6º EP 18:45-19:45 Reunión de previsión ordinaria ESO.				Semana das Letras Galegas
14	Mér					Semana das Letras Galegas
15	Xov					Semana das Letras Galegas
16	Ven				Celebración das Letras Galegas / Maio en Chandeirita.	Semana das Letras Galegas
17-18						
19	Lun					
20	Mar		18:45-19:45	Claustro		
21	Mér					
22	Xov					
23	Ven	Titoras ESO: Envío de información sobre avaliacións suspensas.				
24-25						
26	Lun					
27	Mar		17:45-18:45 18:45-19:45	Reunión de etapa EP Reunión de etapa EI/ESO		
28	Mér					
29	Xov					
30	Ven					
31	Sáb					

XUÑO (15)							
DÍA	AVALIACIÓNS		REUNIÓN		CELEBRACIÓNS		OUTROS
1 Dom.							
2 Lun.							
3 Mar.			17:00-17:00	Formación sobre Polos creativos			
4 Mér.							
5 Xov.							Día Mundial do Medio Ambiente
6 Ven.							
7 Sáb.							
9 Lun.							
10 Mar.				TARDE LIBRE			
11 Mér.	Horario	Probas de recuperación finais ESO					
12 Xov.	por	Probas de recuperación finais ESO					
13 Ven.	definir	Probas de recuperación finais ESO					
14-15							
16 Lun.		Probas de recuperación finais ESO					
17 Mar.						Got talent	
18 Mér.						Olimpiadas	
19 Xov.						Olimpiadas	
20 Ven.						Festa de Fin de curso	Festa de Fin de curso
21-22							
23 Lun.	9:30-11:30	Reunión de avaliación EI / ESO					
24 Mar.	9:30-12:30	Reunión de avaliación EP	13:00-13:30	- EDLG			San Xoán
25 Mér.							
26 Xov.			9:30-10:30	- Dptos. Matemáticas e Tec. / Orientación			
			10:30-11:30	- Dpto. L. Estronxeiro / Artístico			
			11:30-12:30	- Dptos. Ciencias / L. Galego e L. Castelá			
27 Ven.	12:00-13:00	Entrega de notas ás familias	9:30-10:30	Reunións de etapa EI / ESO			
			10:30-11:30	Reunión de etapa EP			
28-29							
30 Lun.			12:00	Claustro de fin de curso			VACACIÓNS DE VERÁN

6.7. Plan de Autoprotección

De acordo coa normativa vixente, continuáronse os simulacros de emerxencia, resultando moi satisfactorios dentro do previsto.

6.8. Exames Trinity

Este ano examinamos ao alumnado Trinity no mes de maio habendo un 100% de aprobados, dun total de 44 candidatos, que se examinaron dende o nivel I ata o 7. A experiencia foi altamente positiva pola profunda implicación do alumnado tanto na preparación como no desenvolvemento da actividade. Sentímonos moi satisfeitos ao comprobar como o alumnado vai progresando e como cada vez o número de alumnos/as que se presenta a niveis intermedios é máis elevado. De cara ao próximo curso agardamos conseguir uns resultados igual de bos.

6.9. Novos Proxectos

Proxecto Documental Integrado da Biblioteca

O PDI que desenvolveremos durante este curso 2024-2025 leva por título “Todas as cancións falan de min”. Este proxecto parte da biblioteca escolar e involucra a todos os niveis educativos e departamentos das diversas materias, sendo obxecto de estudo e investigación a música de diversa índole: os sons da natureza, a música tradicional, as cantigas de berce, as cancións de roda, as

agrupacións musicais de cantareiras e pandereiteiras, os ritmos musicais, os ditos e recitados, a poesía cantada así como coñecer o labor das persoas que se dedican á súa elaboración, a cantar, a danzar e tocar así como analizar obras musicais e coñecer a evolución da música ao longo da historia e tamén experimentar como nos sentimos cando a música nos acompaña.

6.9.1. Espazos Abertos

Por motivo da pandemia houbo que restrinxir o uso destes espazos, pero cos mesmos obxectivos:

- Abrir as aulas. Crear novos espazos. Propoñer puntos de encontro.
- Xestionar novas formas de participación e aprendizaxes.
- Integrar e aunar propostas e inquietudes na comunidade Andersen.

As actividades desenvolvidas ao longo do curso foron:

ESPAZO + MEDIA

A prensa: análise das partes dun periódico e elaboración dun periódico impreso e dixital con diversas seccións seleccionadas por parte do alumnado.

A Radio na Biblio. Fixéronse entrevistas á comunidade educativa e aos persoeiros máis relevantes que visitaron o noso centro, como a escritora María Canosa, ao tempo que realizamos unha análise dos programas de edición de audio e o estudo da modulación da voz e do control da respiración nunha locución radiofónica. Como creacións propias, fixemos radionovelas, locucións deportivas e retransmisións en directo, podcast, anuncios e espazos publicitarios e lecturas compartidas.

6.9.2. Punto Limpo

Continuouse coa idea global no colexio coa fin de racionalizar o uso dos puntos de recollida do lixo tanto nas aulas e espazos interiores coma nos exteriores coa filosofía das tres “erres”:

Reducir: diminuír a cantidade de residuos que producimos

Reutilizar: aproveitar os residuos que aínda poden ter algunha utilidade

Reciclar: obter novos produtos a partir de materias primas que refugamos mediante o establecemento de illas de reciclaxe ou puntos limpos, o que permitirá favorecer a creación de conciencia ecolóxica nos/as alumnos/as de tal forma que se convertan en axentes activos no coidado e protección do medio natural.

Para isto establecéronse 4 puntos limpos  escola: PAPEL, PLÁSTICO e ORGÁNICOS

Zona de CORREDOR na planta baixa da ESO

Esquina do patio do edificio de EP

Primeira planta do edificio de EP

Zona de aulas de EI

A proposta do alumnado quedouse en ampliar puntos limpos no patio exterior.

6.9.3. Espazo das Intelixencias Múltiples

Desde a súa fundación, a Escola Andersen vén apostando de maneira decidida polo xogo como ferramenta pedagóxica fundamental, entendendo que este representa unha vía privilexiada para a adquisición de aprendizaxes significativas. O xogo, lonxe de ser considerado unha actividade secundaria ou complementaria, forma parte do noso proceso educativo integral e está plenamente integrado tanto no horario lectivo como no currículo escolar.

Ao longo dos anos, este enfoque consolidouse a través do Espazo de Intelixencias Múltiples, unha proposta que permite que o alumnado desenvolva, de forma activa, as súas capacidades cognitivas, emocionais, sociais e motrices mediante dinámicas lúdicas e contextos estimulantes. Neste sentido, desde hai varios cursos, este espazo integrouse de forma progresiva co resto das propostas educativas do centro, consolidándose como un eixo metodolóxico fundamental.

Durante o presente curso escolar, realizouse unha adaptación profunda dos materiais e das dinámicas de xogo, co fin de dar cumprimento ás medidas sanitarias e de seguridade establecidas nos protocolos vixentes, sen renunciar ao noso ideario pedagóxico. A escola dispón de caixas individuais con materiais específicos, así como de xogos interactivos e propostas colectivas adaptadas ás necesidades do grupo. Esta adaptación garantiu que o alumnado puidera continuar participando en experiencias lúdicas ricas e diversas, mesmo en contextos de restricións sanitarias.

Ademais, fíxose especial fincapé na utilización de elementos naturais e materiais da contorna inmediata —auga, area, follas, paus, pedras— como recurso para o xogo e a aprendizaxe activa, favorecendo unha conexión co medio natural e fomentando o respecto polo entorno. Esta perspectiva ecolóxica e sensorial do xogo contribúe tamén ao desenvolvemento da creatividade, da autonomía e do pensamento crítico.

Paralelamente, o Espazo +Media continuou o seu proceso de consolidación como un ámbito innovador, creativo e transversal dentro do noso proxecto educativo. A adquisición de novos materiais tecnolóxicos, a habilitación dun espazo físico específico que cumpre con todas as medidas de protección necesarias, así como a formación do profesorado e do alumnado no seu uso, permitiron que este espazo funcione como plataforma de aprendizaxe interdisciplinar.

Entre os recursos máis destacados, salientamos a radio escolar e o croma, dúas ferramentas que foron incorporadas co propósito de traballar calquera área do currículo desde unha perspectiva cooperativa, comunicativa e motivadora. A realización de programas de radio e pezas audiovisuais permitiu, ademais, dar visibilidade aos proxectos desenvolvidos no centro, favorecendo a implicación activa do alumnado na construción de mensaxes e contidos con propósito comunicativo real.

Un dos obxectivos prioritarios desta liña de traballo foi contribuír á mellora da competencia lingüística do alumnado. A creación e gravación dos programas serviu como contexto ideal para que o alumnado practicase a expresión oral con corrección, empregando un léxico rico e variado, así como estruturas gramaticais axeitadas aos distintos xéneros discursivos, tanto formais como informais. Esta práctica constante favorece tamén a autoestima lingüística e a capacidade de adaptación a diferentes situacións comunicativas.

Outros ámbitos de innovación presentes neste espazo inclúen a introdución dos videoxogos educativos, a robótica e a programación, mediante a utilización de diferentes kits tecnolóxicos proporcionados ao centro a través do proxecto DigiCraft. Estes recursos permiten ao alumnado desenvolver competencias dixitais, lóxicas e creativas nun marco lúdico, facilitando o tránsito de ser mero consumidores tecnolóxicos a usuarios activos e críticos.

Cómpre salientar que todo este proxecto ten un carácter continuado e progresivo, con vocación de permanencia e desenvolvemento a medio e longo prazo. Isto supón un compromiso por parte do centro coa formación permanente do profesorado, a través da participación en accións formativas específicas organizadas polo programa DigiCraft, así como coa actualización constante dos materiais, metodoloxías e espazos dispoñibles.

En resumo, tanto o Espazo de Intelixencias Múltiples como o Espazo +Media configúranse como elementos estratéxicos no modelo pedagóxico da Escola Andersen. Ambos contribúen a desenvolver un modelo educativo centrado na persoa, que promove a aprendizaxe significativa, a alfabetización múltiple, a inclusión e a formación de cidadáns e cidadás críticos, creativos, colaborativos e comprometidos coa sociedade do século XXI.

6.9.4. Proxecto DigiCraft

Neste curso escolar, o Colexio segue a estar inmerso no Proxecto DigiCraft; unha iniciativa promovida polo grupo Vodafone e a Xunta de Galicia e que pretende desenvolver as competencias dixitais no alumnado dunha maneira lúdica e significativa, no marco da actual sociedade dixital na que estamos inmersos. O proxecto consta dun itinerario de actividades a desenvolver en tres anos, dirixido ao alumnado dos obradoiros de 5º e 6º EP e impartido por profesorado do Centro. As actividades a desenvolver están relacionadas coa realidade aumentada, a intelixencia artificial, os videoxogos, a robótica, etc., e contamos con diferentes “kits tecnolóxicos” proporcionados ao Centro para levalas a cabo. É un proxecto con compromiso de continuidade, que inclúe a formación do profesorado mediante cursos organizados polo proxecto DigiCraft, e que esperamos seguir desenvolvendo os vindeiros anos.

Neste curso 24-25, participamos no proxecto “Aventura DigiCraft: Seguridade”, con 1º e 2º ESO, que incluíu un curso de formación para o profesorado, e a realización destas actividades na aula cos alumnos e alumnas, dentro da materia “Tecnoloxía e Dixitalización”.

No curso 22/23, recibimos unha acreditación como /CENTRO DE REFERENCIA DIGICRAFT/ para os cursos 2023/24 en diante.

Esta distinción é un selo outorgado pola Xunta de Galicia e a Fundación Vodafone España a aqueles centros educativos que, como o noso, demostraron unha participación exitosa no programa /DIGICRAFT NO TEU COLE/ durante os cursos establecidos na convocatoria pola que fomos seleccionados, cumprindo cos requisitos establecidos:

- Formación bianual do profesorado participante no programa, que ademais nos permitiu enriquecer a nosa propia competencia dixital docente.
- Impartición da proposta formativa DigiCraft nas aulas, realizando os itinerarios propostos no marco do programa e desenvolvendo a dixital do noso alumnado.

- Participación no proceso de avaliación da devandita competencia dixital, tanto do alumnado como do profesorado participante.

- Integración dos materiais tecnolóxicos incluídos nos Kits DigiCraft como recurso educativo de uso habitual nas aulas.

6.9.5. Bosque Escola

Este curso escolar integramos no centro a metodoloxía de "bosque escola" que ofrece numerosos beneficios educativos, promovendo o desenvolvemento integral do alumnado. Os obxectivos principais desta metodoloxía inclúen:

1. Desenvolvemento Cognitivo

Aprendizaxe Experiencial: Facilitar a aprendizaxe a través da experimentación directa coa natureza, promovendo un entendemento máis profundo dos conceptos.

Resolución de Problemas: Fomentar habilidades de pensamento crítico e resolución de problemas a través de actividades que requiran observación, análise e experimentación.

2. Desenvolvemento Emocional e Social

Autonomía e Confianza: Incrementar a confianza e a independencia dos nenos ao permitirlles explorar e tomar decisións nun entorno natural.

Traballo en Equipo: Promover a cooperación e a colaboración entre os estudantes mediante actividades que requiran traballo en equipo.

Conciencia e Coidado Ambiental: Fomentar o respecto pola natureza e a importancia do coidado ambiental.

3. Desenvolvemento Físico

Actividade Física: Incrementar a actividade física dos estudantes mediante xogos e exploracións ao aire libre.

Coordinación e Motricidade: Mellorar as habilidades motrices grosas e finas a través de actividades ao aire libre que requiran movementos variados e precisos.

4. Desenvolvemento Creativo

Creatividade e Imaxinación: Estimular a creatividade e a imaxinación mediante a exploración libre e a creación de xogos e proxectos utilizando materiais naturais.

Resolución Creativa de Problemas: Fomentar a capacidade de atopar solucións innovadoras a problemas que xurdan durante as actividades ao aire libre.

5. Integración Curricular

Interdisciplinariedade: Integrar contidos de diversas áreas curriculares (ciencias, matemáticas, linguas, arte) mediante proxectos e actividades relacionados coa natureza.

Adaptabilidade: Permitir a adaptación das actividades ao nivel de desenvolvemento e ás necesidades individuais dos estudantes.

6. Benestar e Saúde

Saúde Mental: Promover o benestar emocional e a saúde mental dos estudantes ao ofrecer un entorno de aprendizaxe menos estresante e máis natural.

Vinculación coa Natureza: Fomentar un vínculo positivo coa natureza, o cal pode ter beneficios a longo prazo para a saúde e o benestar xeral.

7. Implementación na Aula

Para implementar eficazmente a metodoloxía de bosque escola na aula, seguimos algúns pasos clave:

Formación do Profesorado: Proporcionamos formación específica aos docentes sobre as técnicas e beneficios da metodoloxía de bosque escola.

Planificación de Actividades: Deseñamos actividades estruturadas que permitan alcanzar os obxectivos educativos mentres se explora a natureza.

Avaliación Continua: Realizar unha avaliación continua das actividades e dos progresos dos estudantes para axustar e mellorar a metodoloxía segundo sexa necesario.

A integración da metodoloxía de bosque escola na aula enriqueceu significativamente a experiencia educativa, promovendo un desenvolvemento máis completo e equilibrado do alumnado.

6.9.5. Biblioteca Inclusiva

Durante este curso 24-25 continuamos traballando e avanzando para dar resposta ás necesidades de todo o alumnado do centro e afrontar os desafíos que presenta a diversidade.

Seguimos adquirindo novos materiais que complementaran os que xa tiñamos e que nos permitiron ampliar a nosa colección de libros para alumnado con necesidades específicas de apoio educativo tales como novos títulos da colección Lectura Fácil, libros con pictogramas, relacionados coa lingua de signos, álbumes ilustrados, libros en braille, libros que abordan diferentes temáticas inclusivas e libros de imaxes.

A colección de xogos do espazo creativo seguiu tamén ampliándose con xogos sensoriais, manipulativos, cooperativos e para desenvolvemento de habilidades sociais e, máis en relación coas distintas áreas de aprendizaxe, xogos para desenvolver habilidades lingüísticas e para razonamento lóxico-matemático así como materiais para a elaboración de cadernos de sistemas alternativos de comunicación (SAAC) para alumnado con TEA.

Continuamos así mesmo a sinalización na biblioteca con pictogramas para facilitar o acceso as coleccións.

6.9.6. Plans Proxecta

Este curso 24-25 retomamos os Plans Proxecta, sendo partícipes dos seguintes:

Nutriescolas 0 + I. Participou todo o alumnado do ciclo de EI no Nutriescolas 0 e participou todo o alumnado do primeiro ciclo de EP no Nutriescolas I. O proxecto Nutriescolas forma parte da estratexia educativa do Plan de acción para a prevención do sobrepeso e a obesidade (Plan Obesidade Zero en Galicia) da Dirección Xeral de Saúde Pública, e canalízase na escola a través do Plan Proxecta+ de Innovación Educativa. Traballar a educación para a Saúde é de gran importancia desde o primeiro período da infancia do alumnado. É dicir, é preciso que a adquisición destes hábitos comece desde idades temperás, sendo a escola un dous principais escenarios educativos para desenvolver actividades saudables, onde se traballa co alumnado que está en período de formación física, psíquica e social que presenta unha gran capacidade para a aprendizaxe e a asimilación de hábitos.

A proposta de intervención que recolle este proxecto, expón esta actuación dirixida á Educación Infantil. Esta está baseada, na experimentación, por unha banda, co obxectivo de instruír e, por outro, impulsar a adquisición de novos hábitos de vida saudables. É dicir, con este proxecto trataremos de inculcar ao noso alumnado bos hábitos alimenticios saudables co principal obxectivo, de que todos, valoren a importancia que ten realizar estes hábitos de maneira correcta ao longo de toda a súa vida.

Aprendo programando. Participou o alumnado de 2º ESO.

Este programa propón o uso de Scratch como ferramenta para mellorar a adquisición de habilidades como a expresión verbal, o razoamento lóxico e a resolución de problemas, todo baixo o paraugas do pensamento computacional. O alumnado debe idear o que quere facer, planificar como o vai a levar a cabo así como realizar, probar e corrixir o proxecto tantas veces como considere necesario. Todo isto baixo a supervisión do profesorado, quen guía ao alumnado na realización do seu proxecto e na adquisición de coñecementos. Vinculación cos ODS da Axenda 2030: ODS 12. Produción e consumo responsable.

6.9.7. Punto Lila

O Punto lila foi instalado nos corredores do centro o día 25 de novembro, Día internacional para a erradicación da violencia contra as mulleres. Foi solicitado á Concellería de Igualdade do Concello de Vigo, coa fin de converter o colexio nun lugar de información, concienciación e seguridade para o alumnado en relación coa violencia machista.

6.9.8. Punto Laranxa

O Punto laranxa foi concedido pola Xefatura do Servizo de Inclusión, Orientación e Convivencia da Xunta de Galicia. Como no caso do punto de información anterior, pretendemos insistir na concepción do centro escolar como lugar seguro e de convivencia e dando pasos contra o acoso escolar e o ciberacoso, foi instalado no mes de marzo nos corredores do colexio.

6.9.9. Depoemprende

Co fin de promover no ámbito educativo dinámicas de traballo cooperativo que axuden o alumnado a comprender a cultura emprendedora a Deputación de Pontevedra leva a cabo o programa Depoemprende. O proxecto no que participou 6º EP consiste na creación dunha cooperativa, deste xeito os alumnos distribúen os produtos e participan activamente de todo o proceso, mellorando nas competencias de negociación, toma de decisións e resolución de conflitos. Na primeira fase formaron a cooperativa, creando os estatutos e o organigrama, nomearon o equipo directivo, decidiron o nome e o logo. Na segunda fase escolleron o produto para vender, sempre tendo en conta que foran sostibles e ecolóxicos. A última fase consiste en organizar a venda participando nun mercado conxunto cos outros centros escolares que participaron.

Depoemprende nos centros educativos da provincia de Pontevedra representa unha oportunidade única para os que os alumnos exploren o mundo do emprendemento. A Deputación de Pontevedra colabora coas escolas para promover a creatividade e a iniciativa empresarial entre os mozos e mozas. A través de obradoiros e actividades prácticas aprenden a desenvolver ideas de negocio elaborando plans de empresa. Ofrece recursos e titorización por parte dos profesionais do sector, preparando aos futuros emprendedores para os desafíos do mercado actual. Fomenta unha cultura emprendedora dende idades temperás, inspirando e axudando a pensar dun xeito innovador que contribúe ao desenvolvemento económico da nosa rexión.

Constituíu unha experiencia moi boa xa que é o alumnado os que deciden e traballan para a consecución dos obxectivos, aprenden a traballar en equipo e coñecen polo miúdo os detalles do emprendemento e do funcionamento económico dende a perspectiva práctica.

6.9.10. Plan Dixital

O inicio deste plan foi o ano académico 22-23 e é o terceiro curso no que participamos nel.

Será presentado para a súa aprobación do Consello Escolar e tamén será compartido no derradeiro Claustro ordinario do curso escolar 2024-2025, facendo partícipe deste xeito á toda a comunidade educativa.

Este plan ten os seguintes obxectivos :

Coñecer a importancia de compartir contidos dixitais respectando ás normas de propiedade intelectual e os dereitos de autoría. (Profesorado).

Utilizar as tecnoloxías emerxentes de forma ética para explorar experiencias e contidos de aprendizaxe novos. Reflexionar sobre a propia práctica profesional e a colectiva en canto ao uso das tecnoloxías dixitais.

Capacitar o alumnado para que utilice as tecnoloxías dixitais de forma responsable e ética, xestionando a súa identidade dixital, a súa pegada dixital e a súa reputación dixital.

Promover a comunicación entre os titores e as familias mediante o uso da ferramenta AbalarPro.

Pódese acceder a este plan desde o seguinte enlace:

<https://colexioahttps://www.edu.xunta.gal/educalidade/BuscaPlanAction?codPlan=I&codConvocatoria=I33&codCentro=36014209>

6.9.1.1. Proxecto LOVA

Os nenos e nenas de 5º de Educación Primaria participaron no Proxecto LÓVA (La Ópera, un Vehículo de Aprendizaxe). Crearon a súa propia ópera dende cero: inventaron a historia, fixeron o vestuario, a escenografía, a música e representárona no escenario. Con este proxecto aprenderon a traballar en equipo, a ser responsables e a desenvolver a súa creatividade.

7. SECCIÓN PLURILINGÜE

O Colexio Andersen é un centro plurilingüe nas etapas de Infantil, Primaria e Secundaria. Toda a Educación Primaria recibe docencia de Educación Plástica e Educación Física en lingua inglesa, e na Secundaria, reciben Educación Física en lingua inglesa. O centro tamén conta cun auxiliar de conversa que entra un día a semana en cada clase, axudando ao alumnado a soltarse na lingua inglesa, traballando en pequenos grupos e creando un ambiente no que o alumnado use o idioma estranxeiro de forma natural.

No noso Centro levamos moitos anos implicados no ensino práctico da lingua e a cultura inglesas. Cremos nunha metodoloxía comunicativa e por iso sempre presentamos ao noso alumnado situacións reais nas que poidan facer uso do idioma estranxeiro nun contexto natural. Cremos que ao impartir a clase de Educación física e plástica en inglés, o alumnado percibe o idioma non só como unha materia a aprender senón como unha vía de comunicación para xogar, ser creativos e facer exercicio.

As capacidades evolutivas do alumnado das etapa de Educación Infantil e Primaria requiren unha interrelación pluridisciplinar que asegure o desenvolvemento integral do alumnado e ao longo do curso nas diferentes sesións conseguíuse efectivamente combinar materias como música, inglés, educación física e educación plástica. A estreita colaboración entre o profesorado do departamento de lingua inglesa e de Educación Física e Plástica foi constante durante o curso.

O vocabulario empregado para levar a cabo a parte práctica e as actividades foi o específico da educación física e plástica, e polo tanto, moi relacionado co deporte e con situacións de vocabulario totalmente diferentes ás que normalmente se atopan os alumnos nas aulas. Con todo, o vocabulario específico incluído na programación de lingua inglesa vese reforzado pola práctica nas sesións de Educación Física: Partes do corpo, accións, instrucións, cores, números, direccións,... e nas de Educación Plástica: Cores, tamaños, xeometría, útiles, normas de limpeza,...

Aínda que a comunicación entre eles segue sendo en lingua castelán ou galega a comunicación co profesor sempre tratan de facela en lingua inglesa, co que melloraron a fluidez específica da propia materia. Ao ser o contexto diferente ao da aula, o alumnado amósase máis relaxado á hora de empregar a lingua inglesa e está máis motivado porque percibe que lle serve para comunicarse cos seus iguais e co profesorado.

Ademais de mellorar a competencia lingüística tamén gañan no coñecemento doutras culturas xa que aprenden costumes, rimas e cancións tradicionais inglesas e disfrutan dos mesmos xogos que os nenos británicos practican no patio do seu colexio ou libremente no parque da súa vila.

Aportáronse xogos da cultura inglesa, tales como esquemas rítmicos, xogos populares, deportes como ultimate, floorball, kin-ball, etc. Consideramos fundamental que o alumno comprenda que o deporte é parte integrante da cultura, non soamente no aspecto lingüístico senón tamén no ámbito solidario entre distintas nacións para o que o inglés serve de ponte ou conexión entre as diferentes nacionalidades.

En resumo, a valoración que se pode facer do desenvolvemento da educación física e plástica en lingua inglesa é totalmente positiva, xa que en xeral cumpre os obxectivos básicos pretendidos.

8. PROGRAMA EDIXGAL

Durante o curso 2017-18 solicitouse e concedeuse a implantación do Programa EDIXGAL nos cursos de 5º/6º de EP e 1º/2º de ESO. Nestes momentos tamén se incluíron os cursos de 3º e 4º de ESO. Dotáronse ás clases de todos os sistemas necesarios para a súa posta en marcha (pantallas táctiles, proxectores, equipos de alimentación...) do mesmo xeito a Consellería dotou aos cursos inmersos no Programa de novos ordenadores portátiles.

Esta memoria foi elaborada e aprobada polo Claustro de Profesores celebrado ás 12:30 horas do día 30 de xuño de 2025 e no Consello escolar celebrado o día 30 de xuño de 2025, ás 17:00 horas.

Envíase por e-mail, segundo inscrición da Inspección Educativa, á Inspeccion de Educación de Vigo o día 1 de xullo de 2025.

Anexo I: Memoria do Departamento Psicopedagógico

Memoria do Equipo Psicológico.

Memoria de Pedagogía Terapéutica e de Audición e Linguaxe.

Memoria de Orientación.

Aldara Psicóloga de Infantil-Primaria.

Diana Araujo Profesora especialista en Audición e Linguaxe.

Aldara Camba Profesora especialista en Pedagogía Terapéutica.

María Rial/Rubén Orientadora e psicóloga de Secundaria.

I. MEMORIA DE EQUIPO PSICOLÓGICO

Índice:


1. Probas colectivas.
2. Grupos de reforzo educativo.
3. Adaptacións Curriculares.
4. Intervencións psicológicas e psicopedagógicas.
5. Calendario de reunións.
6. Programas en marcha.
7. Conclusións e recomendacións.

Probas Colectivas

- 6º EP:

Badyg. Proba de Capacidades Intelectuais. Este é un grupo con gran heteroxeneidade, onde hai alumnado que destaca especialmente polo seu alto nivel de capacidade cognitiva e outro alumnado que, sen embargo, presenta importantes dificultades. O grupo obtén resultados dentro da media para intelixencia xeral, aínda que por debaixo do baremo para poboación xeral española. Os resultados máis baixos aparecen en series numéricas, factor numérico e problemas numéricos por un lado, o que nos indica que se trata dun grupo que tende a ter máis dificultades en razoamento lóxico-matemático. Por outro lado, tamén se observan resultados significativamente baixos en encaixe de figuras, o que nos indica que se trata dun grupo pouco reflexivo e constante e que tende a ter máis dificultades en tarefas nas que interveñen o razoamento perceptivo. E por outro lado, obsérvanse resultados baixos en memoria visual ortográfica e rapidez xa que se trata dun grupo que tende a un procesamento e rendemento lentos.


Polo tanto, é recomendable reforzar o traballo na área lóxico-matemática, así como adaptar a metodoloxía a un grupo que, en xeral, precisa mais tempo para comprender e resolver, e desta forma tratar de evitar as respostas impulsivas.



- 2º ESO:

Badyg. Proba de Capacidades Intelectuais.

Este é un grupo onde existe moita heteroxeneidade en canto os resultados das probas de aptitudes entre o alumnado que conforma o grupo-clase, manténdose dentro da media estandarizada. É un grupo cunha boa disposición para establecer relacións significativas con contidos tanto verbais coma numéricos, con aptitudes por riba da media no plano espacial, tamén destaca por ser un grupo rápido e moi eficaz, o que nos di que dependen moito do traballo persoal e da busca da efectividade e a mellora de maneira mantida no tempo e a longo prazo máis que na recompensa puntual. Na proba de capacidades destacan as puntuacións coma a de Razoamento (RR=62), e no factor verbal (VV=44) .



Grupos de Reforzo Educativo.

Dos grupos de reforzo educativo fálase na memoria da profesora de PT e da profesora de AL; do grupo de Logopedia nesta última. Así mesmo nos grupos de reforzo educativo da ESO fálase na memoria de Orientación.

Adaptacións Curriculares Significativas e Metodolóxicas.

Ao alumnado con Necesidades Educativas Específicas adáptaselle o currículo para que os obxectivos e contidos sexan máis accesibles ou ben elimínanselle elementos que lle son imposibles de alcanzar debido ás dificultades que presentan. Do que se trata é de ter en conta as características individuais do alumnado á hora de planificar metodoloxía, contidos e, sobre todo, a avaliación. Xa dende fai dous cursos comezamos a realizar con éxito o traballo de ACS dentro da aula. Tendo a día de hoxe 5 alumnos en educación primaria con ACS e 5 en educación secundaria. Valorárase a conveniencia do contexto máis favorable para impulsar a aprendizaxe de cada alumno/a. O Equipo de Orientación Educativa e Psicopedagóxica (orientadora, psicóloga, mestras de PT e AL) en colaboración co/a titor/a valora as necesidades e leva a cabo as intervencións pertinentes.

Intervencións psicolóxicas e psicopedagóxicas.

Como norma xeral, as actuacións suceden a demanda do equipo directivo, profesorado, alumnado e familias. Algunhas intervencións son tamén froito da observación en aula, comedor, transporte, saídas extraescolares e recreos realizada polo Equipo Psicolóxico.

Nas actuacións xerais tense en conta o contexto (familiar, escolar) e a natureza (cognitiva, emocional, condutual) dos factores que impiden/facilitan un óptimo desenvolvemento. A intervención realízase sempre na procura de canles de comunicación fluídas, coidando da participación e motivación dos tres eixos implicados no proceso de ensinanza-aprendizaxe: familia-alumnado-profesorado.

A continuación detallamos algunhas das actuacións realizadas no actual curso escolar.

- El 4º

Observación e apoio á titora dentro e fora da aula, ofrecendo pautas de actuación co alumnado que o require.

Participación en entrevistas familiares para recoller información evolutiva dunha alumna con dificultades de interacción social e rixidez cognitiva para favorecer a comunicación fluída entre o equipo psicolóxico-familia-titora e aportar pautas de actuación á familia que favorezan a coordinación nas intervencións coa nena, facilitando a xeneralización das aprendizaxes a todos os contextos.

Apoio e seguimento á titora e á familia dunha alumna á cal lle faleceu a nai fai dous anos e en moitas ocasións necesitan estratexias para abordar a situación coa nena.

Observatorio de aula en diferentes sesións ao longo do curso para valorar situacións de risco, dificultades, relacións e grao de cohesión grupal.

Seguimento do caso para asegurar unha continuidade nos aspectos mellorados.

Achega de pautas de actuación para poñer en práctica na aula cos/oas rapaces/zas con NEAE a todo o profesorado que imparte clase neste grupo.

Elaboración dun informe psicopedagóxico para unha nena co fin de achegar información ao servizo de psiquiatría do SERGAS.

- El 5º

Observación e apoio á titora dentro e fora da aula, ofrecendo pautas de actuación co alumnado no caso de ser necesario.

Participación en entrevistas familiares para recoller información evolutiva do alumnado, favorecer a comunicación fluída entre o equipo psicolóxico-familia-titora e aportar pautas de actuación á familia que favorezan a coordinación nas intervencións co alumnado, facilitando a xeneralización das aprendizaxes a todos os contextos.

Achega de pautas de actuación para poñer en práctica na aula cos/oas rapaces/zas con NEAE a todo o profesorado que imparte clase neste grupo.

Elaboración dun informe psicopedagóxico para unha nena en acollida co fin de facerllo chegar ao Servizo de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica toda a información que poidamos aportar.

Prestar apoio e axuda cando algún/ha alumno/a o demanda.

- El 6º

Observación e apoio á titora dentro e fora da aula, ofrecendo pautas de actuación co alumnado.

Participación en entrevistas familiares para recoller información evolutiva do alumnado, favorecer a comunicación fluída entre o equipo psicolóxico-familia-titora e aportar pautas de actuación á familia que favorezan a coordinación nas intervencións co alumnado, facilitando a xeneralización das aprendizaxes a todos os contextos.

Reunións de coordinación e seguimento cos gabinetes externos do alumnado con necesidades educativas específicas.

Reunións ocasionais a demanda coa titora para poñer en común as necesidades do grupo e aportar material para traballar nelas, planteamento de actividades, preparación de entrevistas con familias ...

Observatorio de aula en diferentes sesións ao longo do curso para valorar situacións de risco, dificultades, relacións e grao de cohesión grupal.

Seguimento dos casos para asegurar unha continuidade nos aspectos mellorados.

Achega de pautas de actuación para poñer en práctica na aula cos rapaces con NEAE a todo o profesorado que imparte clase neste grupo. Adaptación de material e colaboración dentro da aula para prestar apoio á hora da realización de probas ou actividades.

Programa de economía de fichas para estruturar o máximo posible a clase e deste xeito aumentar o rendemento do alumnado e diminuír o número de conflitos.

Observación e apoio á titora e á familia dun neno con precocidade cognitiva que cursa con constantes conductas disruptivas e chamadas de atención co obxectivo de sentirse integrado no

grupo. Ademais estamos en contacto continuo co gabinete ao que acude para traballar na mesma liña.

Observación e apoio á titora e á familia dun neno diagnosticado de TEA e con dificultades a nivel sensorial. Dende o colexio cremos que a conducta é un obxectivo prioritario de intervención, xa que hai agresións tanto físicas como verbais tanto ao profesorado como ao alumnado. Polo tanto, estamos coordinados co gabinete no que traballa para que poida xeneralizar o aprendido a outros contextos.

Observación e apoio á titora e á familia dun neno con frecuentes conductas disruptivas cara ao profesorado e o alumnado. Ademais estamos coordinados co gabinete ao que acude para traballar na mesma liña.

Observación e apoio á titora e á familia dunha nena con rasgos TEA, que ten moitas dificultades para interactuar e intereses moi restrinxidos.

Observación e apoio á titora dunha nena con posibles dificultades de aprendizaxe. Dende o colexio derivámola a un gabinete para que se realice unha valoración exhaustiva.

Observación e apoio á titora e á familia dun neno que ten importantes dificultades para xestionar as súas emocións e autorregular a súa conducta, o que causa que en moitas ocasións haxa conflitos derivados tamén da súa impulsividade.

Elaboración dun informe para o servizo de saúde (pediatría) co obxectivo de informalos da evolución do neno.

Facer un seguimento na aula das medidas levadas a cabo para observar se funcionan ou é necesario facer cambios.

- EP Iº

Observación e apoio á titora dentro e fora da aula, ofrecendo pautas de actuación co alumnado.

Participación en entrevistas familiares para recoller información evolutiva do alumnado, favorecer a comunicación fluída entre o equipo psicolóxico-familia-titora e aportar pautas de actuación á familia que favorezan a coordinación nas intervencións co alumnado, facilitando a xeneralización das aprendizaxes a todos os contextos.

Reunións de coordinación e seguimento cos gabinetes externos do alumnado con necesidades educativas específicas.

Reunións ocasionais a demanda coa titora para poñer en común as necesidades do grupo e aportar material para traballar nelas, planteamento de actividades, , preparación de entrevistas con familias ...

Observatorio de aula en diferentes sesións ao longo do curso para valorar situacións de risco, dificultades, relacións e grao de cohesión grupal.

Seguimento dos casos para asegurar unha continuidade nos aspectos mellorados.

Achega de pautas de actuación para poñer en práctica na aula cos rapaces con NEAE a todo o profesorado que imparte clase neste grupo. Adaptación de material e colaboración dentro da aula para prestar apoio á hora da realización de probas ou actividades.

Observación e apoio continuado fora da aula a unha alumna cunha situación familiar complexa (a nai leva varios anos inconsciente polo que carece dunha figura materna) que causa tristeza continuada na nena.

Observación e apoio a unha nena e á súa familia debido ás dificultades de interacción cos seus iguais por ser o seu primeiro ano no colexio. Ademais a raíz dunha valoración optométrica observouse que a nena necesitaba terapia visual para a adquisición da lectoescritura.

Observación e apoio á titora e á familia dunha nena que apenas expresa as súas necesidades co adulto polo que non é capaz de pedir ao profesorado que necesita acudir ao baño. Cremos que isto é causado pola súa inseguridade.

Observación e apoio á titora e a familia cun neno con frecuentes conductas disruptivas que desembocan en frecuentes agresións cara aos seus compañeiros. Ademais estamos coordinados co gabinete ao que acude para axudar ao neno na medida do posible.

Intervencións semanais cun alumno diagnosticado de TEA co fin de potenciar o máximo posible as súas aprendizaxes, así como aumentar a intención comunicativa e as relacións interpersoais. Coordinación con Menela para traballar na mesma liña. Coordinación coa especialista de AL e PT para traballar con fins comúns.

Solicitude, informe e coordinación da visita do EOE polo alumno diagnosticado de TEA e coordinación co departamento para cambiar o tipo de escolarización, pasando esta de ordinaria a combinada para favorecer a súa autonomía e o seu benestar.

Coordinación co profesorado de 1ºEP e as especialistas de PT e AL co fin de optimizar a adaptación curricular e metodolóxica realizada a un alumno con necesidades educativas específicas, así como colaboración e coordinación coa familia e o centro de terapias externo buscando a xeneralización dos resultados e a adecuación de estratexias. Coordinación coa persoa de apoio na aula do alumno para compartir información, buscar estratexias comúns e valorar os avances.

Elaboración dun informe psicopedagóxico para derivar a unha alumna a optometría e así descartar posibles dificultades de aprendizaxe.

Observatorio de aula.

- EP 2º

Observación e apoio ao titor dentro e fora da aula, ofrecendo pautas de actuación co alumnado.

Participación en entrevistas familiares para recoller información evolutiva do alumnado, favorecer a comunicación fluída entre o equipo psicolóxico-familia-titor e aportar pautas de actuación á familia que favorezan a coordinación nas intervencións co alumnado, facilitando a xeneralización das aprendizaxes a todos os contextos.

Reunións de coordinación e seguimento cos gabinetes externos do alumnado con necesidades educativas específicas.

Reunións ocasionais a demanda coa titora para poñer en común as necesidades do grupo e aportar material para traballar nelas, planteamento de actividades, , preparación de entrevistas con familias ...

Observatorio de aula en diferentes sesións ao longo do curso para valorar situacións de risco, dificultades, relacións e grao de cohesión grupal.

Seguimento dos casos para asegurar unha continuidade nos aspectos mellorados.

Prestar apoio e axuda cando algún/ha alumno/a o demanda.

Achega de pautas de actuación para poñer en práctica na aula cos rapaces con NEAE a todo o profesorado que imparte clase neste grupo. Adaptación de material e colaboración dentro da aula para prestar apoio á hora da realización de probas ou actividades.

Observación e apoio ao titor dun neno cunha familia que apenas acepta as decisións que se toman dende o colexio. Podemos dicir que hai un problema de comunicación entre a nai e o colexio. A nai comenta que dende neuropediatría cren que pode haber un posible TEA ou AACC.

Observación e apoio ao titor e á familia dun alumno con dificultades atencionais e de inquietude motora que dificultan en continuadas ocasións que siga o ritmo da clase.

Observación e apoio ao titor e á familia dun neno con posible TDAH, e cun informe pouco favorable de optometría.

Observación e apoio ao titor e á familia dun neno con retraso da linguaxe da vertente expresiva fonética-fonolóxica, que lle causa dificultades para interactuar cos seus compañeiros.

Elaboración de informes psicopedagóxicos para tres alumnos por derivación a neuropediatría.

EP 3º

Observación e apoio ao titor dentro e fora da aula, ofrecendo pautas de actuación co alumnado.

Participación en entrevistas familiares para recoller información evolutiva do alumnado, favorecer a comunicación fluída entre o equipo psicolóxico-familia-titor e aportar pautas de actuación á familia que favorezan a coordinación nas intervencións co alumnado, facilitando a xeneralización das aprendizaxes a todos os contextos.

Reunións de coordinación e seguimento cos gabinetes externos do alumnado con necesidades educativas específicas.

Reunións ocasionais a demanda co titor para poñer en común as necesidades do grupo e aportar material para traballar nelas, planteamento de actividades, preparación de entrevistas con familias ...

Observatorio de aula en diferentes sesións ao longo do curso para valorar situacións de risco, dificultades, relacións e grao de cohesión grupal.

Seguimento dos casos para asegurar unha continuidade nos aspectos mellorados.

Prestar apoio e axuda cando algún alumno/a o demanda.

Achega de pautas de actuación para poñer en práctica na aula cos rapaces con NEAE a todo o profesorado que imparte clase neste grupo. Adaptación de material e colaboración dentro da aula para prestar apoio á hora da realización de probas ou actividades.

Observación e apoio ao titor e á familia dun alumno con dificultades de aprendizaxe na lectoescritura. Acudiu a logopedia, pero a día de hoxe recomendámoslle valoración de optometría xa que as dificultades na lectoescritura seguen estando presentes.

Observación e apoio ao titor e á familia dun alumno con dificultades atencionais, nas funcións executivas en xeral, inquietude motora e nas interaccións sociais cos iguais. Coordinación continuada co gabinete ao cal asiste.

Observación e apoio a unha alumna que se sente pouco integrada no grupo. Déronselle estratexias de interacción e de comunicación asertiva de maneira individual, fóra da aula.

Elaboración de dous informes recollendo as dificultades que observamos nun dos alumno para que a familia sexa consciente e así axudarlle ao neno. E no outro caso, faise o informe coa finalidade de derivar a optometría.

- EP 4º

Observación e apoio ao titor dentro e fora da aula, ofrecendo pautas de actuación co alumnado.

Participación en entrevistas familiares para recoller información evolutiva do alumnado, favorecer a comunicación fluída entre o equipo psicológico-familia-titor e aportar pautas de actuación á familia que favorezan a coordinación nas intervencións co alumnado, facilitando a xeneralización das aprendizaxes a todos os contextos.

Reunións de coordinación e seguimento cos gabinetes externos do alumnado con necesidades educativas específicas.

Reunións ocasionais a demanda co titor para poñer en común as necesidades do grupo e aportar material para traballar nelas, planteamento de actividades, preparación de entrevistas con familias ...

Observatorio de aula en diferentes sesións ao longo do curso para valorar situacións de risco, dificultades, relacións e grao de cohesión grupal.

Seguimento dos casos para asegurar unha continuidade nos aspectos mellorados.

Prestar apoio e axuda cando algún alumno/a o demanda.

Achega de pautas de actuación para poñer en práctica na aula cos rapaces con NEAE a todo o profesorado que imparte clase neste grupo. Adaptación de material e colaboración dentro da aula para prestar apoio á hora da realización de probas ou actividades.

Observación e apoio ao titor dun alumno con Altas Capacidades que ten intereses moi restrinxidos e inquietude motora. Dánselle pautas á familia e ao titor para que poidan redirixir esa inquietude motora cara conductas máis funcionais.

Observación e apoio ao titor dun alumno diagnosticado de TEA e TDAH, que ten conflitos continuados cos seus compañeiros. No terceiro trimestre está máis integrado. Estamos en contacto co gabinete externo para traballar na mesma liña.

Observación e apoio ao titor e á familia dun alumno con TDAH que ten multitude de conflitos cos seus compañeiros. Coordinación continuada co gabinete externo. E nesta terceira avaliación observamos unha melloría significativa tanto a nivel social como atencional. Comeza a inxesta de fármacos no segundo trimestre.

Observación na aula e de maneira individual, ademais de apoio continuado coa familia dun alumno que manifesta ter medo ás reaccións dun dos seus compañeiros. Dánselle estratexias para poder xestionar o medo e obsérvase melloría.

Observación e apoio á familia e ao titor dunha nena con Altas Capacidades, Epilepsia e dificultades na lectoescritura. A familia atópase moi preocupada pola alumna polas conductas disruptivas que aparecen na casa polo que se lle da feedback de como a nena é no colexio e pautas para a casa.

Elaboración de un informe recollendo os rasgos da alumna que observamos no colexio para facerllo chegar ao servizo sanitario de neuropediatría.

- EP 5º

Observación e apoio ao titor dentro e fora da aula, ofrecendo pautas de actuación co alumnado.

Participación en entrevistas familiares para recoller información evolutiva do alumnado, favorecer a comunicación fluída entre o equipo psicolóxico-familia-titor e aportar pautas de actuación á familia que favorezan a coordinación nas intervencións co alumnado, facilitando a xeneralización das aprendizaxes a todos os contextos.

Reunións de coordinación e seguimento cos gabinetes externos do alumnado con necesidades educativas específicas.

Reunións ocasionais co titor a demanda para poñer en común as necesidades do grupo e aportar material para traballar nelas, planteamento de actividades, preparación de entrevistas con familias ...

Observatorio de aula en diferentes sesións ao longo do curso para valorar situacións de risco, dificultades, relacións e grao de cohesión grupal.

Seguimento dos casos para asegurar unha continuidade nos aspectos mellorados.

Prestar apoio e axuda cando algún alumno/a o demanda.

Achega de pautas de actuación para poñer en práctica na aula cos rapaces con NEAE a todo o profesorado que imparte clase neste grupo. Adaptación de material e colaboración dentro da aula para prestar apoio á hora da realización de probas ou actividades.

Coordinación co profesorado de 5ºEP e as especialistas de PT e AL co fin de optimizar as adaptacións curriculares e metodolóxicas realizadas a dous alumnos con necesidades educativas específicas, así como colaboración e coordinación coa familia e o centro de terapias externo buscando a xeneralización dos resultados e a adecuación de estratexias. Coordinación coa persoa de apoio na aula dos alumnos para compartir información, buscar estratexias comúns e valorar os avances.

Observación e apoio ao titor e a familia dunha nena a cal necesita máis tempo para rematar as tarefas e os exames. Darlle estratexias ao titor para que empregue na aula: máis tempo para os exames, redirixir en momentos de distracción, evitar os estímulos distratores, situala na aula preto do profesor e con alumnos que lle axuden a manter a atención.

Intervención cunha alumna solicitada por ela mesma debido a que se sente incapaz de realizar os exames debido á pouca confianza nas súas capacidades.

Observación e apoio ao titor e á familia, ademais de intervención co propio neno con Altas Capacidades, intereses moi restrinxidos que evitan que non realice as tarefas que non son do seu gusto e que teña constantes conflitos cos seus compañeiros, causados en moitas ocasións pola súa rixidez cognitiva. É un alumno que apenas está integrado no grupo.

Intervención cun alumno solicitada por el mesmo debido a que segundo el sofre bullying por parte dos seus compañeiros. Tras varias sesións de intervención co alumno de maneira individual e observación na clase vemos que se trata dun alumno solitario e con dificultades de interacción social. Polo que se fala coa familia para que poida traballar as habilidades sociais entre outras cousas nun gabinete externo que poida facer un seguimento máis continuado. Coordinación continuada coa familia e o gabinete.

A raíz disto fanse dinámicas grupais na clase para que aprendan a darlle un bo uso a certas palabras como é o bullying. Ademais, en ditas dinámicas, traballamos a integración social de cada alumno, ademais da autoestima e o autoconcepto.

Intervención con 2 alumnos, solicitada por un deles, por problemas relacionais entre eles.

- EP 6º

Observación e apoio á titora dentro e fora da aula, ofrecendo pautas de actuación co alumnado.

Participación en entrevistas familiares para recoller información evolutiva do alumnado, favorecer a comunicación fluída entre o equipo psicolóxico-familia-titora e aportar pautas de actuación á familia que favorezan a coordinación nas intervencións co alumnado, facilitando a xeneralización das aprendizaxes a todos os contextos.

Reunións de coordinación e seguimento cos gabinetes externos do alumnado con necesidades educativas específicas.

Reunións ocasionais co titor a demanda para poñer en común as necesidades do grupo e aportar material para traballar nelas, planteamento de actividades, preparación de entrevistas con familias ...

Observatorio de aula en diferentes sesións ao longo do curso para valorar situacións de risco, dificultades, relacións e grao de cohesión grupal.

Seguimento dos casos para asegurar unha continuidade nos aspectos mellorados.

Prestar apoio e axuda cando algún alumno/a o demanda.

Achega de pautas de actuación para poñer en práctica na aula cos rapaces con NEAE a todo o profesorado que imparte clase neste grupo. Adaptación de material e colaboración dentro da aula para prestar apoio á hora da realización de probas ou actividades.

Intervención cunha alumna, solicitada por ela mesma, debido a que se sente superada pola situación familiar, xa que o pai (divorciado da nai dende que a nena tiña 5 anos e vivindo dende ese momento en Madrid) regresa e quere recuperar o afecto da nena. Contacto tanto coa nai como co

pai en diferentes ocasións para comentarlles que recuperar a relación coa nena debe ser algo progresivo sen forzar a esta.

*Intervención cun alumno, solicitada pola titora, debido a que apenas se sente integrado no grupo e malinterpreta moitas das conductas dos seus compañeiros. Trátase dun neno con poucas estratexias sociais e que ademais cústalle recoñecer os protocolos sociais básicos como por exemplo que preguntas non se deben facer porque non son adecuadas.

Observación e apoio á familia e á titora dun neno con epilepsia e Altas Capacidades, debido a que os seus intereses restrinxidos e a súa rixidez cognitiva acaba causando en moitas ocasións conflitos co profesorado. Ademais interrompe en diversas ocasións o ritmo da clase.

Observación e apoio á familia dun alumno con intereses moi restrinxidos e que evita facer as tarefas na clase. Ademais ten continuas chamadas de atención e interrompe constantemente na aula. Coordinación co gabinete externo ao que acude.

Intervención cun alumno diagnosticado de TDAH, solicitada pola nai e a titora, debido á difícil situación no seu fogar. Ademais o seu rendemento é moi limitado debido á falta de estudo, que por outro lado podemos entender que estea causada pola situación vivida na casa.

Intervención cun alumno, solicitada pola titora, debido ás dificultades de autoxestión emocional que acaban desembocando en conflitos debido ao seu perfeccionismo e medo a errar. Coordinación constante co gabinete externo.

Intervención cunha alumna, solicitada por ela mesma, debido ás dificultades de autorregulación que sofre, agredindo verbal ou fisicamente nalgúns ocasións a algúns compañeiros. Ela mesma comenta que se trata de conductas impulsivas das que logo se arrepinte e xenéranlle malestar e conflitos cos seus compañeiros.

Resolución de conflitos entre dúas alumnas, solicitada por elas mesmas.

Coordinación co profesorado de 6ºEP e as especialistas de PT e AL co fin de optimizar as adaptacións curriculares e metodolóxicas realizadas a dous alumnos con necesidades educativas específicas, así como colaboración e coordinación coa familia e o centro de terapias externo buscando a xeneralización dos resultados e a adecuación de estratexias. Coordinación coa persoa de apoio na aula dos alumnos para compartir información, buscar estratexias comúns e valorar os avances.

Dinámicas de grupo para promover as interaccións sociais, a intelixencia emocional, a autoestima e o autoconcepto.

- ESO 1º

Intervención cun alumno, solicitada pola titora, con motivo de avaliar a causa do seu baixo rendemento.

Reunión con gabinete externo dun alumno co fin de coordinar o traballo e valorar os avances.

Intervencións ao longo do curso cunha alumna con baixa autoestima e dificultades na integración e na comunicación positiva. Colaboración por parte da súa nai preocupada pola súa conduta na casa.

Intervencións individuais cun alumno por problemas persoais e intervención coa familia.

Realización dun Sociograma para analizar a cohesión entre o grupo-clase.

Reunións coa titora para poñer en común as necesidades do grupo e aportar material para traballar nas titorías, planteamento de actividades, solicitar material, preparación de entrevistas coas familias...

Intervencións en aula coa fin de resolver os conflitos xerados mediante dinámicas de grupo.
TANTO NO CENTRO COMO PROBLEMAS DERIVADOS DO MAL USO DAS REDES SOCIAIS.

Varias intervencións ao longo do curso cun grupo de alumnos/as con dificultades nas habilidades sociais.

Concienciar e sensibilizar ao grupo coas actitudes que se estableceron entre eles.

Axuda na organización do material e pupitres nos casos que foi preciso. Revisións de axendas.

Observatorio de aula e recreo en diferentes sesións ao longo do curso para valorar relacións e grao de cohesión grupal.

Colaboración na posta en marcha de dinámicas cooperativas.

Intervencións para axudar a resolver conflitos entre varios alumnos/as.

Seguimento dos casos para asegurar unha continuidade nos aspectos mellorados.

Prestar apoio e axuda cando algún alumno/a o demanda.

Motivar ao alumnado nos momentos nos que perden a confianza neles mesmos e dotalos dunha autoestima que lles permita desenvolverse positivamente.

Achega de pautas de actuación para poñer en práctica na aula cos rapaces con NEAE a todo o profesorado que imparte clase neste grupo. Adaptación de material e colaboración dentro da aula para prestar apoio á hora da realización de probas ou actividades.

Intervención individual co alumnado novo no Centro para facilitarlles a nova incorporación e a súa adaptación.

Entrevistas con diferentes familias por condutas pouco axeitadas e actitude disruptivas en aula.

(En todos estes casos resultou imprescindible o contacto fluído coas familias e a colaboración e comprensión dos/as compañeiros/as, que tamén precisaron de axuda á hora de comprender certas actitudes que lles facilitaran a empatía).

Contraste de información con profesionais externos para crear pautas de actuación conxuntas con algún alumno concreto.

Colaboración dentro da aula para prestar apoio á hora da realización de probas ou actividades.

- ESO 2º.

Intervención individual cunha alumna que precisa estratexias de afrontamento do estudo, de organización do tempo e tolerancia á frustración así como técnicas de relaxación.

Achega de pautas de actuación para poñer en práctica na aula cos rapaces con NEAE a todo o profesorado que imparte clase neste grupo.

Reunións coa titora para poñer en común as necesidades do grupo e aportar material para traballar nas titorías, planteamento de actividades, solicitar material, preparación de entrevistas coas familias...

Colaboración na posta en marcha de dinámicas cooperativas.

Intervención cun alumno nova para amosar preocupación polo seu benestar no centro e coñecer as súas dúbidas ou preocupacións.

Axuda na organización do material e pupitres nos casos que foi preciso.

Contraste de información con profesionais externos para crear pautas de actuación conxuntas.

Seguimento dos casos para asegurar unha continuidade nos aspectos mellorados.

Crear clima de confianza entre o alumnado na clase fomentado as mensaxes positivas entre eles e o reforzo positivo entre iguais.

Prestar apoio e axuda cando algún alumno/a o demanda.

Motivar ao alumnado nos momentos nos que perden a confianza neles mesmos e dotalos dunha autoestima que lles permita desenvolverse positivamente.

Observación de aula e recreo.

Orientación cara un ciclo básico de cara ao curso que vén a un alumno con baixos resultados académicos e poucas posibilidades de mellora de cara ao futuro no centro.

Continuas intervencións cun alumno con dificultades para xestionar os seus impulsos.

Axuda na resolución de problemas en conflitos entre un alumno deste curso con varios doutras clases.

Intervencións e seguimento fora da aula cun alumno tutelado.

Intervencións e seguimento fora da aula con 2 alumnos cunha situación de violencia de xénero.

- ESO 3º

Varias intervencións con diferentes alumnos para traballar a autoestima, a xestión das emocións, o afrontamento de situacións complexas e recoñecemento de erros así coma asumir responsabilidades.

Intervención en varios casos por episodios de ansiedade por parte dunha alumna con condutas autolesivas.

Intervencións con varias alumnas con falta de autoestima.

Apertura do protocolo de prevención do suicidio.

Intervención con dúas alumnas, solicitada por elas mesmas, por problemas relacionais.

Intervención cun alumno novo con historial de acoso escolar para axudalo na súa integración no grupo-clase.

Axuda na organización do material e pupitres nos casos que foi preciso.

Intervención con varias alumnas para resolver conflitos que se produciron fora da escola.

Observatorio de aula e recreo en diferentes sesións ao longo do curso para valorar relacións e grao de cohesión grupal.

Seguimento de casos.

Reunións coa titora para poñer en común as necesidades do grupo e aportar material para traballar nas titorías, planteamento de actividades, solicitar material, saídas escolares, preparación de entrevistas con familias...

Intervencións individuais cun alumno polas continuas chamadas de atención na aula e faltas de respecto aos seus iguais e ao profesorado. Constante incumprimento das normas.

Intervencións con 2 alumnas para axudar a xestionar a tolerancia á frustración.

Mediación entre un grupo de compañeiras que tiveron conflitos entre elas e demandan axuda para solucionarlos mediante o diálogo.

Intervencións nas incidencias graves xurdidas ao longo de todo o curso e das que se levou rexistro e foron comentadas na Comisión de Convivencia Escolar. Proposta de medidas educativas e restaurativas axustando as consecuencias ao nivel de gravidade da incidencia en colaboración coa Xefa de estudos.

- ESO 4º

Intervencións individuais con alumnos que teñen unha historia familiar complexa, realizando seguimento da situación e da estabilidade emocional.

Apertura do protocolo de prevención do suicidio. Intervención grupal e individual co alumnado que o precisou despois do incidente.

Intervención cun alumno desmotivado polo estudo a demanda da nai.

Intervención á demanda da nai dunha alumna por sentirse excluída do grupo-clase.

Intervencións individuais con diferentes alumnos polas continuas chamadas de atención na aula e faltas de respecto ao profesorado.

Seguimento de casos.

Intervencións nas incidencias graves xurdidas ao longo de todo o curso e das que se levou rexistro e foron comentadas na Comisión de Convivencia Escolar. Proposta de medidas educativas e restaurativas axustando as consecuencias ao nivel de gravidade da incidencia en colaboración coa Xefa de estudos.

5. Calendario de reunións.

Reunións co Persoal Docente

Equipo directivo para seguimento de casos, valoración de necesidades, xestión de documentación e deseño de accións a realizar. Sen periodicidade marcada.

Orientadora e psicóloga para seguimento de casos de EI-EP-ESO. Periodicidade semanal.

Equipo de orientación educativa e psicopedagóxica; orientadora, psicóloga, mestra de PT, mestra de AL e dirección, para valoración de necesidades, seguimento de casos, propostas de mellora, xestión da documentación, deseño de accións a realizar, propostas de novos proxectos... Periodicidade semanal.

Xefatura de estudos para seguimento de casos, xestión de documentación e exposición de necesidades. Sen periodicidade marcada.

Profesorado para tratamento de casos/situacións concretos/as sobre os alumnos/as. A demanda.

Profesorado de EI, Primaria e ESO nas reunións de avaliación. Periodicidade trimestral.

Profesorado que solicita asesoramento puntual para o traballo en titorías. A demanda.

Profesorado despois/durante entrevistas coas familias. A demanda.

Profesorado para preparar as entrevistas conxuntas con familias. A demanda.

Reunións con centros externos.

*Con centros de carácter psicopedagóxico que atenden ao noso alumnado con NEE coa finalidade de coordinar obxectivos de intervención e prazos.

*Con centros de carácter formativo a fin de valorar a súa oferta e presentar ao equipo directivo o interese de proporcionar charlas informativas no colexio dirixidas a alumnado e/ou familias e/ou docentes.

*Coa Asociación Menela para coordinar as intervencións cun alumno de I°EP e formar ao profesorado que intervén co menor con fin de xeneralizar o emprego de pictogramas a todos os contextos.

Reunións con Familias

Familias vinculadas ao centro.

Formato individual. Temática e presencial:

1. Evolución dos/das seus/súas fillos/as
2. Evolución dos/as fillos/as, nalgúns ocasións coa presenza do profesor/a titor/a.
3. Pautas sobre a educación dos/das fillos/as na casa.

Familias non vinculadas ao centro.

Asesoramento telefónico e información a familia externa interesada en coñecer o funcionamento do gabinete psicopedagóxico e recursos do centro para atender á diversidade, co obxectivo de valorar a matriculación dun dos seus fillos que presenta NEE.

Reunións co alumnado.

Realizadas con motivo de:

*Falar sobre algunha situación comentada polo profesorado

*Apoiar ao alumnado a demanda de situacións comentadas pola familia

*Atender demandas presentadas por eles/as mesmos/as

*Con pequenos grupos para realizar intervencións puntuais sobre algunha situación do grupo e/ou dalgún/ha alumno/a en concreto.

6. Programas en marcha

- Estratexias de aprendizaxe

Sesións nos cursos 4º, 5º e 6º de E.P. co obxectivo de motivalos de cara ao estudo. Separados por grupos de 4 responderon á seguinte pregunta Por que estudamos? Da cal saíron respostas moi

enfocadas ao futuro profesional como por exemplo “para poder dedicarme ao que me gusta” ou “para poder elixir entre varias opcións”. A seguinte pregunta á cal debían dar resposta era Onde estudamos? Co obxectivo de buscar un espazo con luz natural, de ser posible, e con poucos estímulos distratores para poder concentrarse o máximo posible e aumentar así o rendemento. E por último responderon á pregunta Como estudamos?, na cal se observaron a influencia das funcións executivas; organización(bo uso da axenda) a planificación do estudo e a xestión do tempo en relación ao rendemento. Tamén se traballaron as técnicas básicas para a realización de esquematización (lectura, subliñado, mapas conceptuais, esquemas, mapas mentais,...).

Sesións no curso de 1ºESO. Este curso centramos as técnicas de estudo nas funcións executivas: traballamos a organización (bo uso da axenda) a planificación do estudo (establecemento de metas) a xestión do tempo en relación ao rendemento, explicáronse os distintos tipos de atención e as súas funcións así como a maneira de mellorar esta, explicáronse os tipos de memoria que existen e realizamos algunha actividade de posta en práctica da optimización do seu uso (reglas mnemotécnicas). Tamén traballouse a motivación de cara ao estudo, os tipos de intelixencias que existen, realizaron un mapa mental sobre un texto para traballar a selección da información máis importante. Para o afrontamento dos exames déronse instrucións. Finalmente ofrecéronse máis recursos para levar a cabo unha satisfactoria posta en marcha do estudo persoal.

- Plan de Acción Titorial:

No Colexio Andersen, o/a titor/a é o encargado de xestionar un grupo de alumnos que, ademais de impartir clase, axudará ao desenvolvemento do grupo e de cada un dos seus integrantes.

Así mesmo, facilitará a integración persoal dos procesos de aprendizaxe. O profesorado titor debe coñecer as aptitudes e intereses do alumnado co obxecto de orientar con máis eficacia o proceso de aprendizaxe e contribuír ao establecemento dunhas relacións fluídas entre a escola e a familia, alumno/a e institución escolar, identificando dificultades no alumnado e axudándolle a superalas, solicitando para tal fin, se fose preciso, asesoramento ás psicólogas do centro.

- Plan de Convivencia Escolar:

*Preparación, asistencia e peche das reunións trimestrais da Comisión de Convivencia Escolar.

*Programa de Mediación.

*Creación do Punto Lila.

*Creación do Punto Laranxa.

- Programa de sensibilización e concienciación do alumnado.

*Charla no colexio sobre “Violencia-acoso” impartida pola Cruz Vermella.

*Colaboración con Quérote+, ofrecendo ao alumnado un taller sobre “Autoestima” en dúas sesións.

*Erea Con xeito sexoloxía coa fin de sensibilizar sobre a diversidade afectivo-sexual.

*Programa YAM en materia de saúde mental.

*María Soto, intervención familia-alumnado-profesorado, no plan de convivencia.

7. Conclusións e recomendacións.

Tendo en conta os resultados obtidos nas probas en 6ºEP, débese reforzar o razoamento lóxico-matemático, o razoamento perceptivo, darlle estratexias para diminuír a impulsividade e aumentar a constancia no traballo. Ademais o grupo tende a un procesamento e rendemento lentos, polo que sería necesario aumentar o tempo nas tarefas e nos exames (adaptación metodolóxica).

Con respecto ás probas aplicadas, este ano empregouse o Badyg, o cal pode ser insuficiente, nos casos que necesitemos máis información sobre o perfil do alumno.

Ademais habería que pensar en aumentar a aplicación a outros cursos pola gran información que podemos obter de cada alumno en particular e da clase en xeral, ou buscar outro instrumento de avaliación psicopedagóxica.

Os nosos grupos amosan a diversidade como norma, convivindo en aula, saídas extraescolares e recreos, alumnado con altas capacidades, trastornos do desenvolvemento, trastornos do espectro autista, trastornos da lectoescritura, discapacidades sensoriais, desenvolvemento normotípico etc. Os grupos amosan actitudes, crenzas e condutas que inclúen e aceptan a diversidade como norma. Para continuar afianzando estes valores, cremos que sería positivo formar “Patios dinámicos” na escola con previa formación ao claustro por parte dunha persoa especialista no asunto. Esta medida pode ofrecer unha mellora na convivencia escolar e a adquisicións de valores positivos en momentos de menos seguimento polo corpo docente.

En canto aos grupos de Reforzo Educativo, sinalar que o número de alumnos/as por grupo e a comunicación fluída das mestras de PT e AL permiten unha liña de actuación conxunta que axuda á consecución dos obxectivos propostos para o alumnado.

Respecto das reunións do equipo celebradas, tanto a periodicidade como o contido das mesmas resultaron axustadas ás necesidades do curso. Cabería mellorar o reparto da sesión entre as distintas etapas.

Á vista da metodoloxía empregada para a atención ás necesidades educativas específicas, e en aras dunha continua mellora, sería de interese dotar ao gabinete psicopedagóxico de instrumentos de avaliación individualizada que permitiran explorar competencias cognitivas e emocionais do alumnado con NEE e/ou NEAE a fin de establecer liñas de actuación integrais. É recomendable centralizar as labores de PT e AL na elaboración de material adaptado e no apoio sistemático dentro de aula (ou fóra se especialistas e profesorado, xunto co Equipo Psicolóxico o estimasen máis favorecedor para o alumnado) en coordinación co profesorado das distintas etapas. O alumnado de ACS, na medida do posible, traballará dentro de aula todas as materias, sendo o profesorado da materia o encargado de axudar ao alumnado a acadar os obxectivos propostos. Será función das psicólogas do centro a avaliación individual do alumnado con NEE, en caso necesario, a entrega de pautas de actuación e a atención psicolóxica precisa.

Na liña da mellora continua e da adaptación do sistema á diversidade funcional, continuamos coa valoración e análise do Deseño Universal de Aprendizaxe como ferramenta a engadir en vindeiros cursos.

2. MEMORIA DE PEDAGOXÍA TERAPÉUTICA E DE AUDICIÓN E LINGUAXE

Actividades desenvolvidas:

Avaliación inicial e informe do alumnado que presenta dificultades en distintas áreas á petición dos titores e titoras para formación de grupos de traballo de reforzo educativo e realización de adaptacións curriculares.

Avaliación inicial do alumnado que presenta necesidades específicas de apoio educativo por diversos trastornos.

Avaliación inicial do alumnado que presentan dificultades na fala.

Asesoramento ás familias para apoiar o traballo de AL que se realiza na escola.

Asesoramento para a elaboración de ACS e informes pertinentes para mandar á Inspección.

Selección e elaboración de materiais segundo as dificultades presentadas.

Intervención sobre o alumnado de cara a atender as súas necesidades específicas.

Entrevistas coas familias do alumnado para intercambio de información e seguimento.

Entrevistas con profesionais externos ao centro, gabinetes psicolóxicos, gabinetes psicopedagóxicos, optometristas e profesorado de apoio para colaborar conxuntamente nos plans de intervención sobre o alumnado.

Reunións semanais do equipo psicopedagóxico para información, seguimento e control do alumnado.

Elaboración de informes.

Participación na elaboración do PXAD e outros plans.

Asesoramento ao profesorado sobre materiais para o alumnado e estratexias a seguir.

Asistencia ás reunións de avaliación, da Comisión de Coordinación Pedagóxica, de ANEAE e outras.

Asesoramento á persoal de apoio e información de uso de materiais para alumnado con trastornos específicos.

No inicio do curso realizamos unha valoración do novo alumnado delimitando as súas dificultades, así como do que fora diagnosticado en cursos anteriores para proceder a organizar os grupos de reforzo educativo e atención individualizada.

Grupos de reforzo educativo.

E. Infantil

Na etapa de educación levouse a cabo un programa específico de estimulación da linguaxe nos tres cursos, os obxectivos principais foron:

A estimulación da linguaxe na etapa infantil, especialmente de 3 a 6 anos, é fundamental para o desenvolvemento integral do neno e a nena. A continuación, preséntanse os obxectivos clave en diferentes áreas:

Obxectivos Fonolóxicos

Desenvolvemento da percepción auditiva: Axudar ao alumnado a diferenciar e recoñecer diferentes sons do entorno e da linguaxe.

Articulación correcta de fonemas: Fomentar a produción correcta dos sons da fala.

Conciencia fonolóxica: Desenvolver habilidades para identificar e manipular sons dentro das palabras (rimas, segmentación de palabras en sílabas, etc.).

Obxectivos Semánticos

Ampliación do vocabulario: Introducir e reforzar novas palabras, axudando ao neno a entender e usar unha variedade máis ampla de termos.

Comprensión de significados: Asegurar que o alumnado comprende os significados das palabras e as relacións entre elas (sinónimos, antónimos, categorías, etc.).

Uso adecuado do vocabulario: Ensinar ao alumnado a utilizar palabras adecuadas en contextos específicos.

Obxectivos Morfosintácticos

Estruturación de oracións: Axudar ao alumnado a formar oracións completas e gramaticalmente correctas.

Uso de tempos verbais: Ensinar a correcta utilización de diferentes tempos verbais (pasado, presente, futuro).

Comprensión e uso de estruturas gramaticais: Fomentar a comprensión e o uso adecuado de artigos, preposicións, conxuncións, etc.

Obxectivos Pragmáticos

Desenvolvemento de habilidades conversacionais: Ensinar ao alumnado a iniciar, manter e finalizar conversas adecuadamente.

Uso da linguaxe en diferentes contextos: Axudar ao alumnado a adaptar a súa linguaxe segundo o contexto (formal, informal, familiar, escolar, etc.).

Comprensión e uso de normas sociais da linguaxe: Fomentar o respecto polas quendas de fala, o uso de fórmulas de cortesía, etc.

Obxectivos Socioculturais

Desenvolvemento da identidade e a autoestima: Utilizar a linguaxe como ferramenta para que o alumnado se exprese e se coñeza a si mesmo.

Promoción da interculturalidade: Introducir ao alumnado no coñecemento e respecto por diferentes culturas a través da linguaxe.

Fomento da interacción social: Facilitar o desenvolvemento de habilidades sociais mediante a linguaxe, promovendo a integración e a cooperación cos demais.

Estratexias para Acadar Estes Obxectivos

Xogos de palabras e rimas: Utilizar actividades lúdicas que involucren a linguaxe.

Lectura compartida: Ler contos e libros adecuados á idade do alumnado, fomentando a comprensión e o diálogo sobre o lido.

Conversas diarias: Involucrar ao alumnado en conversas cotiás, animándoo a expresar os seus pensamentos e sentimentos.

Actividades grupais: Promover xogos e actividades en grupo que requiran comunicación e cooperación.

Os presentes obxectivos e estratexias están deseñados co propósito de proporcionar unha base firme e consistente para o desenvolvemento da competencia lingüística na etapa de Educación Infantil. Este desenvolvemento temperán da linguaxe constitúe un alicerce fundamental para o éxito académico, social e emocional do alumnado nas etapas educativas posteriores. A adquisición dunha linguaxe oral rica, estruturada e funcional favorece non só a aprendizaxe curricular, senón tamén a interacción co contorno, a autorregulación emocional e a construción da identidade persoal.

4.º curso de Educación Infantil

Ao longo deste curso, levouse a cabo unha valoración inicial de carácter xeral a nivel de aula, co obxectivo de obter unha visión global do nivel competencial do alumnado en relación coa linguaxe oral. Esta avaliación permitiu identificar de maneira precoz os nenos e nenas que presentaban dificultades no desenvolvemento da fala. En concreto, realizáronse tres valoracións específicas centradas na detección de posibles alteracións articulatorias e retrasos na adquisición da linguaxe. Como consecuencia destas deteccións, deseñáronse e aplicáronse pautas de traballo individualizadas para favorecer a mellora na adquisición da linguaxe oral e nas habilidades comunicativas.

Ademais, establecéronse sesións semanais específicas, dedicadas á intervención directa de dúas alumnas que presentaba retraso na linguaxe, incidindo en aspectos fonolóxicos, articulatorios e de conciencia fonémica. Considerando a importancia do seguimento continuado, recoméndase realizar unha nova avaliación da linguaxe oral ao inicio do vindeiro curso, co fin de comprobar a evolución e adaptar as intervencións ás necesidades detectadas.

5.º curso de Educación Infantil

Durante este curso, procedeuse a unha avaliación global do grupo-clase, facendo especial fincapé na detección e análise das dificultades que afectan á linguaxe oral, tanto desde o punto de vista articulatorio como na súa estrutura e fluidez. Esta avaliación permitiu identificar casos de retraso simple da fala, así como dificultades asociadas á comprensión e expresión oral que impactaban tamén nos contidos académicos.

En particular, centrouse a atención en dous alumnos que presentaban dificultades salientables na estrutura da linguaxe, como problemas de organización sintáctica, escaseza de vocabulario específico e alteracións na morfosintaxe. A intervención centrouse en propostas metodolóxicas adaptadas, baseadas en xogos lingüísticos, dinámicas de estimulación da linguaxe e traballos en

pequeno grupo, co obxectivo de mellorar a competencia comunicativa de maneira global e progresiva.

6.º curso de Educación Infantil

Neste nivel educativo, levouse a cabo unha avaliación individualizada do alumnado, orientada a detectar con maior precisión aquelas dificultades que puidesen incidir na futura adquisición da lectoescritura, así como na consolidación das habilidades orais previas ao acceso á Educación Primaria. Durante esta avaliación, identificáronse dificultades relacionadas coa articulación, a fluidez expresiva, a coherencia do discurso e a conciencia fonolóxica.

Cómpre destacar que dous dos alumnos do grupo reciben intervención logopédica fóra do ámbito escolar. Dada esta circunstancia, as sesións realizadas no centro educativo estiveron orientadas fundamentalmente ao seguimento da súa evolución e á coordinación coas familias para asegurar unha continuidade no traballo realizado. Así mesmo, levouse a cabo un traballo específico para mellorar a estrutura da linguaxe destes alumnos, mediante actividades de expresión oral, xogos de rimas, discriminación auditiva e construción de frases.

Como medida de continuidade e prevención, recoméndase realizar unha nova valoración da linguaxe oral ao comezo do próximo curso escolar, co fin de garantir unha transición adecuada cara á Educación Primaria e asegurar que o alumnado accede a esta nova etapa cun nivel adecuado de competencia lingüística.

1º E. Primaria.

En PT realizouse durante todo o curso intervención fóra da aula apoiando e reforzando a un alumno que presentaba autismo de grao tres. Os contidos traballados foron: numeración ata 10, seriacións, as cores, clasificacións, xogo simbólico. Adicáronse dúas sesións semanais de PT.

En 1º de educación primaria fíxose estimulación da conciencia fonolóxica a nivel grupal, individualmente incidíuse na respiración e a correcta posición dos órganos buco-fonatorios.

En AL durante o curso a intervención foi principalmente dentro da aula apoiando e reforzando ao alumnado con dificultades, especialmente na área morfosintáctica e léxica. En ocasións realizáronse diversas intervencións fora do aula con cinco alumnos para reforzar a lecto-escritura á petición da titora.

2º E. Primaria.

En PT a atención individualizada estivo encamiñada a afianzar a lecto-escritura con tres alumnos nunha sesión semanal fóra da aula á petición da titora.

O reforzo na área de Matemáticas dirixiuse tamén a cinco alumnos afianzando o cálculo mental e gráfico, numeración, seriacións, sumas, restas e iniciación á multiplicación e sinxelos problemas de suma e resta. Realizamos traballo de tipo manipulativo e tamén diversos xogos matemáticos para axilizar numeración e cálculo mental. O apoio realizouse especialmente fóra da aula, nunha sesión semanal.

En AL o traballo co grupo de alumnos centrouse na conciencia léxico-fonolóxica, comprensión e rapidez lectora e en relación á expresión escrita, aspectos como a correcta realización do trazo, ortografía, vocabulario e construción de frases.

3º E. Primaria.

En PT traballáronse contidos matemáticos correspondentes á programación de matemáticas de 3º EP: operacións básicas, as táboas de multiplicar, cálculo mental, estratexias para a resolución de problemas e realizamos actividades como mercar-vender nunha tenda, xogos de cálculo con cartas, xogos coas regretas, as horas no reloxo analóxico e dixital, xogo do Rummy, material para medición e actividades varias con euros e céntimos. A intervención en matemáticas dirixiuse a catro alumnos nunha sesión semanal, fóra da aula.

Na área de Lingua Castelá a intervención foi encamiñada a afianzar o proceso de lecto-escritura e a comprensión lectora en tres alumnos nunha sesión semanal fóra da aula.

En AL traballáronse contidos de lingua, ortografía básica, expresión escrita: oracións sinxelas, descricións, notas, vocabulario, comprensión lectora etc. mediante diversas actividades: ditado, lecturas, xogos... A intervención dirixiuse a cinco alumnos unha sesión semanal, fóra da aula.

4º E. Primaria.

En PT realizouse a intervención fóra da aula apoiando e reforzando a dous alumnos que presentaban dificultades na adquisición de novos conceptos matemáticos e da linguaxe e un procesamento máis lento da información. Os contidos traballados foron: numeración, seriacións, cálculo, operacións e problemas na área matemática e lectura, comprensión lectora e iniciación gramatical na área da linguaxe. Adicáronse dúas sesións semanais de PT.

En AL traballáronse contidos de lingua e expresión escrita: oracións sinxelas, descricións, notas, vocabulario, comprensión lectora etc. mediante diversas actividades: ditado, lecturas, cartas, xogos... A intervención dirixiuse a catro alumnos unha sesión semanal, fóra da aula.

5º E. Primaria.

En AL e PT traballáronse contidos de lingua e expresión escrita: oracións sinxelas, descricións, notas, vocabulario, comprensión lectora etc. mediante diversas actividades: ditado, lecturas, cartas, xogos... A intervención dirixiuse a catro en unha sesión semanal, fóra da aula.

En AL tamén se reforzaron contidos matemáticos xa adquiridos e a adquisición de novos conceptos matemáticos. Os contidos traballados foron: cálculo mental, medicións e nocións xeométricas.

6º E. Primaria

En 6º realizouse o reforzo educativo de PT con catro alumnos, dous deles con ACS, para afianzar contidos matemáticos correspondentes á programación.

En AL traballáronse contidos de lingua correspondentes á programación adaptada de 6ºEP: ortografía básica, expresión escrita: oracións sinxelas, descricións, notas, vocabulario, comprensión lectora etc. mediante diversas actividades: ditado, lecturas, cartas, xogos... A intervención dirixiuse a dous alumnos con ACS en unha sesión semanal, fóra ou dentro da aula.

Adaptacións Curriculares Significativas.

En 2º de Educación Primaria desenvóléronse ACS en todas as materias e adaptacións metodolóxicas cun alumno TEA.

En 4º de Educación Primaria desenvóléronse ACS en Lingua Castelá e Matemáticas e adaptacións metodolóxicas cunha alumna que repetiu 2º de educación primaria.

En 6º de Educación Primaria desenvóléronse ACS en Lingua Castelá e Matemáticas e adaptacións metodolóxicas con dous alumnos repetidores.

Outras intervencións

Mantivéronse entrevistas coas familias do alumnado que desenvolveron unha ACS ou tratamento de audición e linguaxe, tanto para informar da súa aplicación e obter a conformidade, como de seguimento periódico coa fin de realizar os axustes necesarios.

Elaboráronse informes do alumnado, solicitados para concesión de axudas ou para valoración por parte de servizos de neuroloxía, servizos psicopedagóxicos ou equipos de orientación escolar.

Conclusións

Durante a etapa de Educación Primaria articulouse un plan de actuación específico destinado a dar resposta ás necesidades educativas especiais detectadas no alumnado. As intervencións foron programadas a partir das demandas expostas polo profesorado titor e polas demais docentes especialistas que imparten docencia nesta etapa, combinando sesións de carácter grupal con atención individualizada para aqueles casos que así o requirían.

Obxectivos xerais da intervención

Compensar déficits nas áreas instrumentais básicas de lingua e matemáticas.

Favorecer a adquisición de estratexias de aprendizaxe que incrementen a autonomía e a capacidade de autorregulación do alumnado.

Estimular a motivación intrínseca e a participación activa nas propostas didácticas, potenciando a confianza nas propias capacidades.

Ámbitos de traballo e actividades implementadas

As actuacións concretas dirixíronse a corrixir ou mellorar as competencias nos seguintes apartados:

Área	Competencias traballadas	Principais recursos e estratexias
Lingua	• Lectura comprensiva e mecánica • Expresión escrita • Ortografía • Vocabulario • Contidos gramaticais	• Lecturas guiadas e técnicas de <i>shared reading</i> • Ditados graduados e autocorrección • Cadernos de vocabulario temático • Reescrita de textos e feedback

Área	Competencias traballadas	Principais recursos e estratexias
		formativo
Matemáticas	• Cálculo mental e algoritmos básicos • Razoamento lóxico e resolución de problemas	· Xogos manipulativos e <i>math labs</i> · Estratexias de pensamento visible (<i>thinking aloud</i>) · Proxectos matemáticos contextualizados
Psicomotricidade fina	• Control grafomotriz • Coordinación óculo-manual • Lateralidade	· Trazados dirixidos e <i>pattern tracing</i> · Actividades con pinzas, contas e plastilina · Exercicios bimanuales para integración lateral

Metodoloxía

Sesións grupais: estruturadas en pequenos grupos homoxéneos de necesidades, con dinámicas cooperativas e uso de material manipulativo.

Atención individual: programada para o alumnado cun perfil de necesidades máis acusado, empregando programas de reforzo intensivo deseñados ad hoc.

Avaliación continua: aplicación de rexistros anecdóticos, rúbricas específicas e probas de control periódico para monitorizar o progreso e efectuar axustes inmediatos.

Resultados e valoración do progreso

A análise global dos indicadores de avaliación evidencia unha evolución positiva na meirande parte do alumnado con dificultades:

Incremento da fluidez lectora e da comprensión global de textos.

Mellora no uso de estratexias ortográficas e na precisión da expresión escrita.

Progreso significativo no cálculo mental e na resolución lóxica de problemas de enunciado.

Avances apreciables na motricidade fina, repercutindo nunha escritura máis áxil e lexible.

Este progreso vén acompañado dun aumento da motivación e do compromiso coas tarefas propostas, constatado pola participación activa e a realización exitosa das actividades durante as sesións de reforzo.

Limitacións detectadas

O equipo docente considera imprescindible dispoñer dun maior número de horas de intervención directa, xa que a reducida dotación horaria asignada pola Administración impediu ampliar a atención nalgúns casos que así o demandaban, especialmente naqueles perfís con trastornos específicos da aprendizaxe (TEA) ou coas Necesidades Específicas de Apoio Educativo (NEAE) máis complexas.

Coordinación interdisciplinar

Reunións semanais do equipo psicopedagóxico interno para análise de casos, seguimento de obxectivos e planificación de axustes curriculares.

Entrevistas periódicas co profesorado titor e especialistas de aula para a troca de información relevante e a revisión conxunta de materiais.

Colaboración con servizos externos (logopedas, psicólogos e orientadores alleos ao centro), garantindo unha atención integral e coherente mediante protocolos de derivación e informes compartidos.

Recomendacións finais

Solicitar á Administración educativa unha ampliación da carga horaria destinada a atención individualizada, priorizando os niveis con maior concentración de necesidades especiais.

Manter e reforzar os espazos de coordinación entre todos os axentes implicados —familias incluídas—, asegurando a continuidade das intervencións dentro e fóra do ámbito escolar.

Promover accións formativas específicas para o profesorado en metodoloxías inclusivas e na detección precoz de dificultades de aprendizaxe, de modo que se favoreza unha resposta educativa axustada e eficaz.

Con estas medidas, o centro aspira a consolidar os avances acadados e a garantir unha atención de calidade que contribúa ao desenvolvemento pleno de todo o alumnado, sen excepción.

3. MEMORIA DE ORIENTACIÓN

Actividades de Orientación

1.- Proceso de orientación para elección de materias optativas do curso seguinte.

1.1.- 2º secundaria

1.2.- 3º secundaria

1.3.- 4º secundaria

2.- Creación do Equipo de Mediación Escolar.

3.- Atención e asesoramento individual.

- 3.1.- Demanda do profesorado.

3.2.- Demanda do alumnado.

3.3.- Demanda das familias.

4.- Adscrición do alumnado a grupos de reforzo.

5.- Reunións co Equipo de Orientación Educativa e Psicopedagóxica

6.- Aula virtual de Orientación

7.- Programa Orienta

8.- Reunións con profesionais externos

9.- Observatorio de aula

10.- Reunións co profesorado titor

11.- Outras colaboracións

I.- Proceso de orientación para a elección de materias optativas

I.1.- 2º Secundaria. Elección de materias optativas para 3º de secundaria:

Sesión para explicarlles:

Sistema Educativo: Primaria, Secundaria, Bacharelato e Formación Profesional. Durante o curso 2024/2025, todos os niveis educativos están plenamente implantados baixo o marco da LOMLOE, conforme ao calendario establecido polo Ministerio de Educación e Formación Profesional.

Sistema de optativas para 3º de Secundaria, establecido conforme á normativa vixente recollida na LOMLOE e no Decreto de Currículo da ESO, xa plenamente implantado en todos os cursos desde o curso 2024/2025.

Opción Formación Profesional Básica (e novidades da LOMLOE sobre ditas ensinanzas).

Opción Ciclos Formativos.

Opción Bacharelato

Sistema de troncais e optativas para 4º de Secundaria.

Reunión coas familias que demandan máis información e para aclarar dúbidas.

Elaboración do consello orientador que, sobre o futuro académico e profesional do alumnado, se formulará ao rematar o 2º curso de educación secundaria obrigatoria.

I.2.- 3º Secundaria. Elección de materias optativas para 4º de Secundaria:

- Estrutura do Sistema Educativo.
- Optativas.
- Saídas ao remate de 4º de Secundaria.
- Opción Formación Profesional Básica (e novidades da LOMLOE sobre ditas ensinanzas).
- Opción Ciclos Formativos.
- Opción Bacharelato:
 - o Tipos de Bacharelato .
 - o Pasarelas con estudos posteriores de FP. de Grao Superior ou Universidade.
- Reunión coas familias que demandan máis información e para aclarar dúbidas.

Mantivéronse conversas individuais con algúns dos alumnos/as para falar da elección e constatar a idoneidade das materias elixidas. Elaboráronse os bloques de materias para o curso de 4º tentando que todos puidesen cursar as materias elixidas.

I.3.- 4º Secundaria.

Pasouse ao alumnado o cuestionario PPM: Preferencias Profesionais obténdose un perfil individual por alumno en dúas vertentes: Formación Profesional e Bacharelato. Este perfil serviu como punto de partida ao programa de información e toma de decisións. Durante varias sesións explicáronse as opcións que se lles presentan ao remate da secundaria:

- Co título de GESO.

Formación Profesional de Grao Medio

Bacharelato : diferentes opcións.

- Sen título de GESO.

EPA

Formación Profesional Básica.

Fíxose unha reunión coas familias para explicar as vías académicas e resolver dúbidas.

Mantívose unha entrevista individual con todo o alumnado para comentar a elección cara ao vindeiro curso e os resultados do PPM apoiándonos tamén nunha valoración xeral da súa evolución académica no Centro e os datos proporcionados polo Badyg.

Para coñecer as perspectivas do alumnado de 4ºESO ante os seus futuros estudos, pasouse un “Cuestionario de decisión inicial” onde figuran unha serie de preguntas relacionadas coa elección respecto do seu futuro. Esta información é de moita utilidade para axudar ao alumnado na elección final e para informar ao longo do curso de todas as cuestións que poidan ser de interese para eles e as súas familias.

Entregouse á titora un modelo resumo do proceso de orientación na que constaba a elección de bacharelato ou FP, o centro onde solicitaron praza, as preferencias para estudos superiores e a valoración de capacidades de traballo e intelectual do alumnado. Esta información será a base da entrevista de orientación que á titora desenvolverá con cada familia.

Proporcionouse ao alumnado unha orientación académica e profesional diversificada e individualizada. Elaboración do consello orientador que, sobre o futuro académico e profesional do alumno ou alumna, se formulará ao remate da educación secundaria obrigatoria.

2.- Creación do Equipo de Mediación Escolar.

É un feito indudable que, nos derradeiros cursos académicos, os problemas de convivencia están a aumentar nos Centros de ensino. O alumnado recorre facilmente a agresión verbais, incluso físicas, diante de situacións que poderían resolverse co diálogo.

Por iso, neste senso, consideramos necesario seguir desenvolvendo e promovendo diferentes estratexias e propostas favorables a unha cultura de paz e de entendemento. Entre eles elaborando distintos mecanismos e protocolos de actuación.

Convén ter en conta que as habilidades ou estratexias de mediación escolar, impartidas cada ano no Centro, tamén foron utilizadas de maneira informal, co fin de resolver diversos conflitos puntuais entre iguais dentro do Colexio.

Actualmente existen alumnos mediadores nos niveis educativos de 3º e 4º ESO os cales foron formados para levar a cabo esta tarefa. Previamente foi informado, da implantación do programa, ao Claustro e ao alumnado das diferentes clases do Centro dende 3ºEP en adiante presentando ao Equipo de mediadores polas aulas, colocando un cartel informativo (feito por dous ex mediadores) do funcionamento tanto nas aulas coma en diferentes espazos da escola para darlle visibilidade. O espazo no que se realizaron as mediacións foi a Biblioteca da ESO.

Para a creación do Equipo leváronse a cabo as seguintes accións:

A programación a seguir para formar o Equipo de Mediación durante o curso 2024-25 foi a seguinte:

Temporalización:

- 1- Preparación da documentación a presentar (Power Point explicativo) aos alumnos (taller formativo). (setembro-décembro).
- 2- Informar ás familias do servizo de mediación na reunión de pais de principio de curso (outubro).
- 3- Informar ao alumnado de secundaria da existencia do Equipo de Mediación ao comezo do curso (setembro).
- 4- Informar ao alumnado de 3º e 4º de ESO mediante exposición con Power Point sobre do que implica ser mediador e posterior presentación voluntaria a pertencer ao Equipo de Mediación.(xaneiro)
- 5- Proceso de selección de entre todos os voluntarios por medio dunha enquisa de valores. Tamén contouse coa selección, de entre os voluntarios, do profesorado que imparte clase neses cursos.(xaneiro)
- 6- O proceso de información ao alumnado levouse a cabo de xeito paralelo a súa formación. Tamén fíxose entrega dunha explicación breve sobre o que é a mediación.(xaneiro)
- 7- A formación ao alumnado que forme parte do equipo de mediación foi intensiva e se realizou dentro do horario lectivo en sesións de traballo flexibles tendo en conta e salvagardando os seus dereitos de acudir as súas clases e as súas horas de descanso. Tamén se traballaron aspectos con toda a clase na liña da resolución de conflitos na materia de Valores Éticos e nas titorías como se leva feito ata agora.
- 8- A aula adicada a realizar esta formación foi a biblioteca da ESO “aula de escoita” e sempre que as condicións o permitisen, no exterior.
- 9- No mes de xaneiro se comezou coa presentación polas aulas de todo o centro do equipo de mediación (previamente preparada co alumnado). Explicando aos rapaces o funcionamento do programa: quen son, que fan e como poden contactar con eles. Tamén se colocaron os carteis.
- 10- O protocolo a seguir unha vez que xorde un conflito:
 - 1º- Solicitude da mediación (analizar si é un conflito que se pode resolver coa mediación)

2º- Elixir ao mediador e que os mediadores decidan si queren/poden.

3º-Contrato de confidencialidade.

4º-Proceso de mediación.

5º- Rexistro de acordo final.

6º-Seguimento.

II- Materiais:

- Pulseira identificativa.
- Antifaces.
- Folleto informativo para o alumnado.
- Desenvolvemento de material para levar a cabo a formación dos mediadores no taller.
- Folleto informativo para o claustro.
- Folleto didáctico para a formación de mediadores (caderno de mediadores)
- Cartel informativo para portas de acceso e aulas.
- Contrato de confidencialidade.
- Solicitud da mediación.
- Guión para a premediación.
- Protocolo para un caso práctico de mediación.
- Ficha para os observadores.
- Rexistro de acordo final para o equipo de mediación (a cubrir polo mediador co fin de levar un rexistro).
- Diploma para os mediadores.



3.- Atención e asesoramento individual.

3.1.- Demanda do profesorado.

A demanda dos/as titores/as fixéronse entrevistas individuais para falar da evolución académica ou social do alumnado. Nalgúns casos as reunións tiveron carácter semanal.

Mantivéronse entrevistas con familias do alumnado e con profesorado de apoio externo ao centro para coordinar o traballo.

3.2.- Demanda do alumnado.

En diferentes ocasións fixéronse entrevistas individuais co alumnado onde se apreciaban alteracións notorias no proceso de aprendizaxe ou que eles/elas mesmos/as solicitaron para asesoramento.

Entre os temas máis demandados estiveron:

- Xestión emocional e de episodios de ansiedade, adquisición de técnicas de relaxación (unha das maiores demandas durante o presente curso escolar).
- Análise do proceso de preparación de exames para ver e corregir fallos e mellorar resultados.

- Técnicas para superar a ansiedade nos exames.
- Futuros profesionais.
- Aspectos persoais, familiares, sociais...
- Conflitos entre compañeiros/as, profesorado e familias.

3.3.- Demanda das familias.

Promover a cooperación entre o Centro e as familias facilitándolles apoio e asesoramento necesarios para afrontar os momentos escolares máis decisivos ou de maior dificultade, como o ingreso no centro, o cambio de curso, a elección de optativas ou itinerarios formativos, a transición á vida profesional e a resolución de conflitos de relación interpersoal.

4.- Adscrición do alumnado a grupos de reforzo e ACS.

Dende principio de curso fixéronse adscricións do alumnado aos diferentes grupos de reforzo e ACS de matemáticas, lingua castelá, así como o grupo formado polo alumnado para o que se solicitou a exención de lingua francesa.

O alumnado de 1º e 2º ESO exento da materia de lingua francesa tivo 2 sesións semanais co profesorado de apoio do centro para realizar diferentes actividades segundo as necesidades de cada grupo:

O grupo de 1ºESO estivo composto por 11 alumnos/as. Un con trastorno Específico da Aprendizaxe, relacionado coa discapacidade intelectual leve, TDAH e discapacidade superior o 33%, dous con TDAH, outro con síndrome de Down, dous con TEA (un deles AACC), dous repetindo curso (un con TDAH e unha enfermidade neuro muscular dexenerativa), e outro con TEL e discapacidade superior o 33%.

O grupo de 2ºESO estivo composto por 7 alumnos. Dous con TDAH, outro con discapacidade intelectual leve e discapacidade superior o 33%, un con TEA e dous con dislexia.

A nivel xeral traballouse na organización e planificación do estudo, na utilización da axenda, o establecemento de metas, a concentración e atención, a memoria de traballo, expresión oral e escrita, razonamento lóxico-matemático, en habilidades sociais mediante xogos, no control de impulsos e a resolución pacífica de problemas así como na preparación de distintos exames mediante técnicas de estudo e repaso das materias.

Estas adscricións foron avaliadas periodicamente dentro do departamento psicopedagógico.

5.- Reunións co Departamento Psicopedagógico.

As reunións do Departamento Psicopedagógico leváronse a cabo cunha periodicidade semanal. Das actividades que se levaron a cabo se fixo un rexistro diario. Entre elas teríamos a modo de resumo as seguintes:

- Seguimento dos casos máis complexos.
- Organizar e preparar entrevistas coas familias.
- Colaborar na apertura de diferentes Protocolos.
- Establecemento das liñas de actuación a seguir co alumnado que presenta necesidades educativas especiais.

- Facilita-la colaboración entre o profesorado tutor e os demais departamentos do centro.
- Contribuír a unha perfecta colaboración e coordinación entre o departamento de orientación do centro coa comunidade educativa.
- Velar para que a elaboración das adaptacións curriculares apropiadas para alumnos e alumnas con necesidades educativas especiais se realice de acordo cos criterios establecidos polo claustro, e colaborar na súa elaboración, no seguimento e na súa avaliación.
- Coordinar, en colaboración co profesor ou profesora de apoio, a atención do alumnado con necesidades educativas especiais.
- Elevar proposta ao xefe ou xefa de estudos para organiza-la docencia do alumnado con necesidades educativas especiais.
- Preparar a derivación de alumnado con necesidades específicas a diferentes profesionais externos.
- Elaboración de diferentes documentos de centro: Plan de Acción Titorial, Proxecto alumnado NEAE, tramitación das becas do ANEAE, listado de alumnado con NEE e NEAE e proposta de medidas de atención á diversidade para traballar con estes alumnos ao claustro...

6.- Aula virtual de Orientación.



Neste curso (EDIXGAL) de secundaria. Nelas están matriculados todos os alumnos e alumnas dos respectivos cursos.

Na de 3º de secundaria está a presentación sobre a elección de materias optativas para 4º de ESO, enlaces á páxina da F.P. da Xunta de Galicia e información sobre as diferentes modalidades do bacharelato.

Na aula virtual de 4º de secundaria recóllese a seguinte información:

- Acceso á descarga do programa Orienta
- Presentación: Que podo facer ao rematar secundaria
- Bacharelatos
- Formación Profesional
- Formación Profesional Básica
- Enlace ás páxinas web dos IES onde os alumnos do centro van maioritariamente.
- Enlaces a outros estudos como Corpo Nacional de Policía, Garda Civil e Forzas Armadas.

7.- Programa Orienta.



Este curso o centro volveu a adquirir o programa Orienta que se publicou na páxina web e na aula de orientación. Este programa informático está dirixido a familias e alumnado e oferta:



- Datos actualizados cada ano.
- Información segundo normativa vixente.
- Varios cuestionarios de Orientación Escolar adaptados á idade e ao tipo de estudos.
- Cuestionario de profesións.

Para o alumnado de 4º de ESO:

Tres cuestionarios ofrecen ao alumno unha Orientación sobre o seu futuro académico e profesional:

- O primeiro aconsella sobre que Bacharelato e estudos elixir.
- O segundo sobre que Título de Grao Medio.
- E o terceiro sobre se facer Bacharelato ou F.P. de G.M.

Reflexión sobre as dificultades propias da súa aprendizaxe, tales como:




- Hábitos de estudo, memorización, realización de esquemas.
- Atención e concentración, Motivación...

Cuestionario sobre profesións

- Unhas duascenas profesións
- Agrupadas internamente en vinte categorías en base a intereses profesionais, sectores e niveis de produción.
- Estudos esixibles.

Itinerarios

- Dende 4º de ESO aos estudos superiores.
- Visualízanse de forma gráfica e interactiva: baseada en botóns que, ao pulsalos, abren ventás explicativas.



8.- Reunións con profesionais externos.

- Con centros de carácter psicopedagógico que atenden ao noso alumnado con NEE coa finalidade de coordinar obxectivos de intervención e prazos.
- Con centros de carácter formativo/terapéutico a fin de valorar a súa oferta e presentar ao equipo directivo o interese de proporcionar charlas formativas no colexio dirixidas a alumnado e/ou familias e/ou docentes.
- Colaborar activamente cos correspondentes equipos de orientación educativa e profesional do sector e cos demais departamentos de orientación dos centros da zona.

9.- Observatorio de aula.

Ao longo do curso se fixo observación de aula en diferentes sesións, co fin de coñecer o que sucede nos distintos grupos da ESO e así recoller as posibles necesidades que se ían atopando. De este xeito se pode observar a forma de permanecer do alumnado na aula, os seus tipos de atención, o estilo de aprendizaxe dentro da clase, as dúbidas que teñen e a maneira na que están situados para coñecer as relacións que se dan tamén á hora de traballar en grupo entre outras cousas. Toda esta información que se recolle das observacións resulta moi útil para facer as posibles futuras intervencións pertinentes.

10.- Reunións co profesorado tutor.

Durante estas sesións as reunións con cada tutor/a tiveron as seguintes funcións:

- Chegar a acordos nas actuacións a levar a cabo co alumnado da tutoría.
- Establecemento de pautas de actuacións conxuntas mediante a unificación de criterios.
Revisar os casos máis complexos.
- Preparar entrevistas coas familias a demanda dos/as tutores/as segundo as necesidades que se encontren.
- Elaboración de pautas para as familias de adolescentes.
- Valorar as necesidades educativas do alumnado e deseñar como desenvolver e avaliar programas de intervención.
- Participar no diagnóstico, deseño e aplicación de programas individuais de reforzo educativo e adaptacións curriculares.
- Colaborar na pronta detección de dificultades ou problemas educativos de desenvolvemento ou aprendizaxe que presentan os alumnos ou alumnas, e na rápida intervención para tratar de remedialos.
- Elaborar as propostas do Plan de Orientación Académica e do Plan de Acción de Tutoría, incidindo no desenvolvemento persoal, social e cognitivo do alumnado.
- Cooperar cos tutores na información ás familias sobre asuntos relacionados coa orientación académica, psicopedagóxica e profesional, co fin de axudarlles a que asuman a orientación dos fillos dun xeito responsable.

II.- Outras colaboracións.

- Impulsar a participación do profesorado en programas de investigación e innovación educativa, así como facilitarlle a utilización de metodoloxías didácticas innovadoras, técnicas específicas relativas a hábitos de traballo, técnicas de estudo, programas de ensinar a pensar e outras técnicas similares.
- Contribuír a que a avaliación desenvolvida no centro se axuste aos principios de avaliación continua, formativa e orientativa, así como a que as sesións de avaliación non contradigan os devanditos principios.
- Asesoramento ao equipo docente sobre os cambios pola implantación da LOMLOE respecto aos novos currículos e aos cambios nos criterios de titulación e promoción.
- Responsabilizarse da redacción do plan de actividades do departamento e da memoria final de curso.
- Fomentar a participación do alumnado en diversos programas formativos e de sensibilización.
- Xestión de saídas formativas, informativas e de orientación académica, profesional e vocacional.
- Realización das memorias de principio e final de curso, elaboración do documento DRDadi, elaboración de diferentes documentos e plans de centro.
- Xestión e supervisión do Punto Laranxa e colaboración co Punto Lila.